

# **HISTORIA • 11**

**RAÚL SOUTELO VÁZQUEZ**

C.P.I. de Sadurniño  
A Coruña, C. P. 15560  
Telf.: 981 49 00 32,  
e-mail: [soutelo@ozu.es](mailto:soutelo@ozu.es).

**GALICIA NOS TEMPOS DE MEDO E FAME: AUTARQUÍA,  
SOCIEDADE E MERCADO NEGRO NO PRIMEIRO  
FRANQUISMO, 1936-1959.**

#### CONSELLO EDITOR:

**Xoaquín Álvarez Corbacho,**  
Economía Aplicada. UC;  
**Manuel Antelo Suárez,**  
Fundamentos da Análise Económica. USC;  
**Juan J. Ares Fernández,**  
Fundamentos da Análise Económica. USC;  
**Xesús Leopoldo Balboa López,**  
Historia Contemporánea. USC;  
**José Manuel Beiras Torrado,**  
Economía Aplicada. USC;  
**Joam Carmona Badía,**  
Historia e Institucións Económicas. USC;  
**Luis Castañón Llamas**  
Economía Aplicada. USC;  
**Xoaquín Fernández Leiceaga,**  
Economía Aplicada. USC;  
**Lourenzo Fernández Prieto,**  
Historia Contemporánea. USC;  
**Ignacio García Jurado,**  
Estatística e Investigación Operativa. USC;  
**M<sup>a</sup> do Carmo García Negro,**  
Economía Aplicada. USC;  
**Xesús Giraldez Rivero,**  
Historia e Institucións Económicas. USC.  
**Wenceslao González Manteiga,**  
Estatística e Investigación Operativa. USC;  
**Manuel Jordán Rodríguez,**  
Economía Aplicada. USC;  
**Rubén C. Lois González,**  
Xeografía. USC;  
**Edelmiro López Iglesias,**  
Economía Aplicada. USC;  
**José A. López Taboada,**  
Historia e Institucións Económicas. USC.  
**Alberto Meixide Vecino,**  
Fundamentos da Análise Económica. USC;  
**Emilio Pérez Touriño,**  
Economía Aplicada. USC;  
**Miguel Pousa Hernández**  
Economía Aplicada. USC;  
**Albino Prada Blanco,**  
Economía Aplicada. UV;

**Carlos Ricoy Riego,**  
Fundamentos da Análise Económica. USC;  
**José M<sup>a</sup> da Rocha Alvarez,**  
Fundamentos da Análise Económica. UV;  
**Xavier Rojo Sánchez,**  
Economía Aplicada. USC;  
**José Santos Solla,**  
Xeografía. USC;  
**Juan Surís Regueiro,**  
Economía Aplicada. UV;  
**Manuel Varela Lafuente,**  
Economía Aplicada. UV;

#### COORDENADORES DA EDICIÓN:

- **Área de Análise Económica**  
Juan J. Ares Fernández

- **Área de Economía Aplicada**  
Manuel Jordán Rodríguez

- **Área de Historia**  
Lourenzo Fernández Prieto

- **Área de Xeografía**  
Rubén C. Lois González,

#### ENTIDADES COLABORADORES

Fundación Caixa Galicia  
Consello Económico e Social de Galicia  
Fundación Feiraco  
Instituto de Estudos Económicos de  
Galicia Pedro Barrié de la Maza

**Edita:** Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela  
**ISSN:** 1138 - 2694  
**D.L.G.:** C-1686-97

RESUMO: a ditadura franquista rachou os procesos de modernización económica e dinamización sociopolítica que experimentou a Galicia anterior á guerra civil. Os que non morreron quedaron aferrollados pola feroz represión, que institucionalizou o medo e desmobilizou á poboación, garantindo a omnipotencia do novo estado franquista e a patente de corso para os sectores sociais que o encostalaban. A desastrosa política económica autárquica, imposta polos gobernos franquistas, produciu a caída da produción, o desabastecemento da poboación e o recurso masivo ó mercado negro, para fuxir da fame ou facer negocios. Interaccionaron así as estratexias reproductivas das familias labregas co enriquecemento rápido dalgúns comerciantes e grandes *estraperlistas* ben relacionados cos gobernadores civís e alcaldes, xefes locais de Falanxe e presidentes ou secretarios das Hermandades, que representaban ó Réxime a nivel local.

PALABRAS CHAVE: ditadura, represión, autarquía, intervencionismo económico, corrupción do persoal político franquista, mercado negro e fame.

ABSTRACT: The Francoist Dictatorship interrupted the process of economic and sociopolitical modernisation which Galicia underwent before the Civil War. Those who did not die remained constrained by the fierce State repression, that institutionalised terror, hindering all possibilities of peasant mobilisation. This granted the dominance of the Francoist state and of those social groups which supported it. The disastrous autarchy imposed by Francoist governments provoked the fall of the agricultural production, lack of basic consumer goods and the emergence of smuggling and submerged economy. Reproduction strategies of peasant families are a parallel phenomenon to the fast economic improvement of those smugglers who had good contacts with the Civil governors, majors, phalangist local bosses and the leaders of the peasant brotherhoods, which carried out the Regime's representation at the local level.

KEYWORDS: Dictatorship, repression, autarchy, economic interventionist policy, political corruption, smuggling, hunger.

*A Xosé Benito Sánchez,  
en memoria do seu pai*

*"As autoridades militares españolas determinarán o fusilamento  
dos individuos presos em flagrante delito de contrabando"<sup>1</sup>*

Galicia caracterizouse durante toda a contemporaneidade, polo absoluto predominio das actividades agropecuarias e do modo de vida rural ata a década de 1980. Pero a Galicia rural de 1936 estaba consolidando uns procesos de modernización económica (propietarización campesiña, mercantilización da pequena produción a través da especialización gandeira e da merca cooperativa de insumos industriais...), e de cambio social semellantes ós doutras sociedades das periferias europeas. Toda aquela semente de futuro foi eliminada pola feroz represión fascista que arrasou os pobos galegos, destruíndo concienzudamente o tecido asociativo que creara a sociedade civil galega dende fins do século XIX. Os que non morreron quedaron aferrollados nun escenario sociopolítico cualitativamente diferente, que se caracterizaba pola falta de oportunidades para que as clases subalternas puidesen mobilizarse dunha forma organizada para desafiar ó omnipotente estado franquista ou ós sectores sociais que o encostalaban.

A política económica autárquica, imposta polos gobernos franquistas durante a longa posguerra, tivo fondas consecuencias sociais, porque arredor do mercado negro interaccionaron os intereses e estratexias desenvolvidos por persoas, familias e colectivos, de xeito que o *estraperlo* se converteu na principal resposta da poboación fronte á socialización da fame e da corrupción pública que provocou o intervencionismo económico da dictadura. A nosa terra cumpriu a función de provedora de carne de vacún e criadeiro de carne de cañón que lle reservaron os sublevados en xullo de 1936, enviou vagóns ategados de emigrantes ós polos de desenvolvemento españois e a Europa occidental vinte anos despois e ofreceulle os seus mil ríos ó Caudillo para que puidese facer realidade o soño de inaugurar embalses e pescar en paz.<sup>2</sup>

Os estudos sobre a posguerra centráronse nos fenómenos da represión e da resistencia armada ofrecéndonos un boceto goiesco dunha sociedade aferrollada pola dictadura e señoreada por un fato de curas vingativos e falanxistas sanguinarios, que *pasearon* a tiro limpo ós cidadáns máis comprometidos do país destruíndo o tecido asociativo do campesiñado e impondo unha 'autarquía cuarteleira' de morte, medo e fame (Fernández Prieto, 1993 e 1996: 458 e 468). Pero

---

<sup>1</sup> Extraído do Oficio nº 994/DS/Pº58 enviado polo M. de Interior portugués ós Gobernos Cívís en novembro de 1936 e citado por I. Fonseca e D. Freire (1999). Este traballo contrasta os estudos realizados no Levante español, en diversas zonas da raia portuguesa e as nosas chegas a este tema (Prada e Soutelo, 1998), pescudas que se presentaron no Simposio *Autarquía e contrabando nas sociedades ibéricas de posguerra* (Allariz, xullo de 1999). Tódolos documentos orais que citamos están depositados no Arquivo Oral do Museo Etnolóxico de Ribadavia.

<sup>2</sup> É sabido que as migracións interiores dos sesenta formaron unha nova clase obreira de procedencia rural e desconectada da experiencia sociopolítica dos anos trinta, que comezou a mobilizarse reivindicando incrementos salariais ó tempo que se autoexplotaba co recurso ás horas extras, ós destajos e ó pluriemprego naquela España desarrollista que algúns aínda citan como proba histórica de que "*con Franco vivíamos mejor*"...

semella que os contemporaneistas galegos teñamos un prexuízo ético a adentrarnos nese ermo historiográfico, que se estende alén da última guerra civil que enterrou toda a tradición cultural de acción colectiva que aprenderan os labregos galegos nas súas experiencias laborais nas cidades e coas ideoloxías obreiras que lles ensinaron a organizarse para protestar. Poderíamos xustificar esta falta de predisposición para aventurarnos no lado máis escuro do noso Pasado colectivo recente pola carencia de documentación convencional. Pero tampouco seduce moito mergullarse nas glorias dun réxime que se estreou *claudiando* ou silenciando ós líderes agrarios, obreiros e ós americanos retornados que protagonizaran as mudanzas sociopolíticas dende a crise da Restauración. Privados do protagonista, o síndrome de orfandade ergueu unha barreira psicolóxica que só atravesamos para comprobar a brutalidade da represión ou a heroica resistencia da guerrilla, polo que aínda só dispomos das consabidas reflexións xerais en obras concebidas para ser empregadas como manual para a época contemporánea.

Empregaremos como material empírico a documentación convencional que están baleirando os especialistas que traballan sobre o tema, combinándoa coas memorias de vida de coetáneos, polo potencial que ofrece a fonte oral para analizar 'dende abaixo', o pasado recente de, sociedades rurais nas que a transmisión de coñecementos, valores e da propia *memoria* familiar ou colectiva, se facía polas canles da oralidade<sup>3</sup>. Os documentos orais son fontes cualitativas e subxectivas que reconstrúen a posteriori a experiencia vivida, pero confírenlle un papel na Historia ós actores anónimos e agregados populares que adoita esquecer a historiografía baseada en documentos convencionais. Con eles podemos espallar os ámbitos do *historiable* a realidades desatendidas pola historia tradicional como a representación social do "estraperlista" nos imaxinarios colectivos a partires da interiorización duns determinados valores ideolóxicos e da súa interacción nas redes sociais<sup>4</sup>. Pero vexamos, primeiro, cal é o nivel dos estudos actuais sobre os contextos macroestructurais daquela España nacional que a Cruzada de Franco ceibara de roxos, masóns e separatistas para comezar a vivir, sin sabelo, os corenta anos de paz...

## **I.- A historiografía sobre a sociedade española de posguerra.**

Os recentes diagnósticos xerais sobre a historiografía social del franquismo constatan que os estudos consagrados a esta época presentaban importantes desequilibrios cronolóxicos e temáticos (Molinero e Ysàs, 1998a). O primeiro franquismo concentrou a atención dos historiadores, pero non abundan as pescudas sobre a sociedade da posguerra, senón que

---

<sup>3</sup> Os estudiosos deste período subliñan a importancia das narrativas orais para reconstruír as estratexias e incentivos que interaccionan arredor do intervencionismo económico do Estado franquista e do funcionamento do mercado negro (Barciela, 1986: 395-396, e 1996: 81 e nota 53; Moreno, 1994: 17-18), porque nos ofrecen outros enfoques e suxíren novas preguntas sobre a sociedade na posguerra si as combinamos cos estudos econométricos e coas abundantes descrições da vida cotiá (Martí, 1994; Eiroa, 1995; Abella, 1996). O propio C. Barciela, que revisou as estatísticas oficiais -especialmente as estimacións do *Servicio Nacional del Trigo*- descubriendo que estaban intencionalmente falseadas para agachar as dimensións reais do mercado negro, insiste na dificultade de abranguer este tema dende paradigmas exclusivamente cuantitativistas dado que "*las estadísticas oficiales de la posguerra carecen... del menor rigor y por lo tanto, la información que proporcionan tiene muy poco que ver con la realidad*" (Barciela, 1981: 17, 21, nota 3 e 26-27).

<sup>4</sup> Teñen reflexionado sobre estas cuestións unha mancha de autores (Ferraroti, 1989: 51; Santacreu, 1995: 10 e 13; Fraser, 1979: I, 28; Niethammer, 1989: 5, 8 e ss; Monjo e Vega, 1990: 67 e ss.; Wouters, 1993: 14; Folguera, 1994: 7 e ss.), e Julio Aróstegui dedicalle un capítulo ó análise da chamada Historia oral como técnica historiográfica (Aróstegui, 1995: 375-380). Nós coidamos que a memoria colectiva é sempre o froito selectivo dun proceso de construción social a partires das experiencias e olvidos individuais no sentido que ten exposto J. C. Bermejo (1996: 45, 55-56). Conformámonos con elaborar unha interpretación a partires dos acontecementos vividos e recordados por uns suxeitos instalados na cultura oral dende a que lle atribúen significado a súa propia narración, como primeiro paso para reflexionar sobre o poder e a natureza humana nun período tan recente como aínda escuro do noso pasado.

predominan por este orde, os de historia política (consagrados sucesivamente, á represión, ás institucións e ó persoal político do réxime ou á oposición democrática), os que analizan a política económica e a evolución da economía española (con estudos relevantes en número e calidade), e xa por fin, os de historia social que ofrecen un balance máis pobre. As análises de tipo económico foron cronoloxicamente as máis temperás, debido a que a política desarrollista dos anos sesenta lles ofrecía un escenario historiográfico favorable. Apareceron logo os estudos de historia política cos célebres debates sobre a natureza [dictatorial, fascista ou só autoritaria] do réxime franquista, e a controversia sobre a cuantificación das vítimas da guerra civil e da represión posterior, pechada polo excelente estudio que coordinou recentemente Santos Juliá (1999).

Destacan neste balanço inconcluso, as achegas sobre a represión sociopolítica e as consecuencias económicas da política autárquica, que botan un chisco de luz sobre a sociedade da posguerra. A represión exercida polos 'nacionais' na súa zona dende o comezo da guerra e nos anos seguintes rachou os procesos de cambio social da época, asasinando ou forzando ó exilio ós actores máis dinámicos e comprometidos, o que se traduciu na apatía desmobilizadora e no consentimento social –que non consenso da poboación (Preston, 1994: 971)–, porque o terror fascista dos sublevados deixara moi claro que era tempo de apandar (Seidman, 1997). Dispomos xa de estudos rexionais ou provinciais que nos permiten abordar unha socioloxía dos grupos máis castigados pola represión franquista: traballadores urbanos e xornaleiros ou campesiños pobres da España meridional comprometidos cos obxectivos socioeconómicos das organizacións de esquerdas<sup>5</sup>, sectores medios e profesionais ilustrados que formaran parte do novo persoal político da República<sup>6</sup>. A represión tivo fondas repercusións nas formas de socialización e sociabilidade así como no mercado de traballo, pola impresionante perda de capital humano e coñecementos dos traballadores expulsados do seu antigo emprego (Catalán, 1995: 280).

O segundo conxunto de traballos que nos achegan á sociedade da posguerra refírense á política económica e á economía daqueles anos marcados pola famélica autarquía e o consecuente mercado negro. Os estudos pioneiros de Clavera (1973) e outros máis recentes (Barciela; Catalán, 1995), demostraron que o *estraperlo* foi a consecuencia principal do intervencionismo do Estado na economía, para controlar os prezos, garantir o abastecemento e substituír as importacións, e que o mercado negro acadou enormes dimensións sendo só "*una faceta de la enorme montaña de prácticas corruptas económicas, comerciales y fiscales que el franquismo propició*" (Barciela, 1998: 85), e que tronzaron as vías de modernización da sociedade española anterior ó verán de 1936. Pero fagamos un breve repaso porque o estancamento e a depresión, a tensión inflacionista, a contracción do comercio exterior, a redución do consumo privado, a caída drástica dos salarios reais e a redistribución dos ingresos configuran o cadro apocalíptico producido pola política económica do franquismo na sociedade da posguerra.

É certo que medrou o gasto público pero destinouse ós sectores vencellados coa defensa, adiando a reposición e renovación de infraestruturas ou a reconstrución dos predios destruídos pola guerra que paliaría a falta de traballo e vivenda nas cidades. Toda a década se caracterizou ademais, pola escaseza de materias primas e combustibles (especialmente, petróleo e

---

<sup>5</sup> O 72% dos executados en Albacete nos anos corenta eran asalariados do campo e doutros traballos manuais (Ortiz Heras, 1996: 264), o mesmo que a maioría dos fusilados na cadea provincial de Málaga (Eiroa, 1995).

<sup>6</sup> A depuración do maxisterio nacional chegou a afectar ó 50% das plantillas en Burgos (Crespo Redondo e outros, 1987), Catalunya (González-Agapito e Marqués, 1996), Murcia (Jiménez Madrid, 1997) e Ourense (1989 e 1994). E control deste colectivo mantívose ferreamente na infinita posguerra: "Te reitero mi escrito nº. 2811 de fecha 6 de octubre ppd", en el cual te interesaba antecedentes políticos y conducta de Manuel R. P. de 48 años, casado, maestro nacional... el cual hace tiempo residió en esa comunidad, consignando sobre todo su actuación política antes del Glorioso Movimiento Nacional, durante y terminado el mismo...", extraído dunha nota urxente do Jefe Provincial de Falange ó Jefe Local do Movimiento de Coles (7-1-1954), Correspondencia do Fondo de Falange, caixa 497, Arquivo Municipal de Coles.

electricidade), que multiplicou os cortes e restricións co resultado da volta ó carbón e ás tecnoloxías da primeira revolución industrial. Agrarizouse a poboación activa ó tempo que se daba unha rerruralización xeral da poboación que acadou o seu máximo histórico en 1950, provocando unha caída na produtividade agraria (30%) e industrial sin parangón na Europa do século XX agás a Unión Soviética durante a súa guerra civil. A comparación coas economías dos países neutrais durante a Segunda Guerra Mundial demostra que a caótica situación productiva da España dos corenta foi consecuencia directa da opción autárquica da dictadura franquista en política económica desprezando as oportunidades de negocio que ofrecía o contexto internacional (Catalán, 1995).

Os gobernos franquistas procuraron a autarquía mediante o intervencionismo extremo no comercio exterior para acadar a autosuficiencia; e no interior, estableceron cupos e contingentes no suministro de materias primas e limitaron a concesión de permisos para establecer industrias, fixando prezos e salarios. Este intervencionismo estatal favorecía máis ós sectores da burguesía dedicados á especulación fronte á produción, xa que era máis rentable revender permisos que producir con eles, e provocou a emerxencia dun colosal mercado negro que afectou ós alimentos, materias primas, manufacturas e menciñas, pero tamén á venda da forza de traballo que o Estado lexislara cunhas condicións moi estrictas<sup>7</sup>. O mercado negro, o proteccionismo, a garantía de baixos salarios e de non-conflictividade sociolaboral recompuxeron o excedente empresarial pero desincentivaron a competencia e a inversión tecnolóxica. O estraperlo que comezou sendo unha cuestión de supervivencia para moitos sectores sociais, promocionou unha clase de novos ricos que amasaron grandes fortunas á beira dos aparatos estatais, ó tempo que arruinou ó sector dos pequenos propietarios agrícolas e industriais, provocando en definitiva, unha polarización da estrutura social meirande que a dos anos trinta. Este círculo, tan dantesco coma kafkiano conduciu á socialización da fame e da corrupción moral xeralizada que reflecten as novelas e películas da época<sup>8</sup>, porque o mercado negro acadou unhas dimensións semellantes ó oficial, pero cuns prezos triplicados para produtos de inferior calidade, sempre sospeitosos de fraude que agravaron, aínda máis, os problemas de subsistencia da maioría da poboación exposta a mercar ieso por fariña, serrín por farelo ou embutidos de *mornalla* de can.

### 1.- As diferentes burguesías, os grandes propietarios agrarios e as clases medias.

A evidencia do rápido enriquecemento dos estraperlistas e da recomposición do excedente empresarial a conta do mercado negro e da corrupción administrativa da posguerra orixinou varios estudos rexionais sobre o comportamento económico e as actitudes sociopolíticas destes sectores que apoiaron progresivamente ós vencedores da guerra que lles garantían o respecto á propiedade, á orde sociolaboral e unha política de baixos salarios (González Portilla e Garmendia, 1988; Lorenzo, 1989; Molinero e Ysàs, 1991; Moreno Fonseret, 1994; Sánchez Chico, 1998). Pero a simbiose destas burguesías co Novo Estado franquista dependía da posición que desempeñasen nun mercado que se estaba reestructurando e da súa relación coas

---

<sup>7</sup> Os empresarios vulneraban os decretos salariais e eludían o pago dos custos sociais ó tempo que se incumprían sistemáticamente as condicións laborais establecidas nas Reglamentaciones Nacionales de Trabajo (Babiano, 1998). As boas relacións coas esferas de poder tamén resultaban transcendentais neste escenario de corrupción xeralizada, para desviar ou anular as multas impostas pola Fiscalía de Tasas ou os apercibimentos da Comandancia militar pola venda de produtos a prezos abusivos (Serrallonga, 1999: 56).

<sup>8</sup> Recomendamos a película *Surcos* de J. A. Nieves Conde (1951), *La Colmena* de Cela ou *Historia de una escalera* (1949) de A. Buero Vallejo, os ensaios de Lafuente (1999) e Martí Gómez (1995), ou o achegamento á sociedade do primeiro franquismo que realizou García de León (1996) dende a análise da súa imaxe cinematográfica. O chamado 'hurto fámélico' era o delito imperante dentro da delincuencia común (Fernández Asperilla, 1999).

instancias do poder político<sup>9</sup>. Sabemos moi pouco sobre as clases medias na posguerra porque só dispomos dos primeiros resultados das pescudas de J.M. Gago (1997) e X. Moreno (1999), sobre a pegada do estraperlo nas economías domésticas dos pequenos comerciantes e sobre as condicións de traballo destes asalariados e autopatróns, que constituían a figura típica das clases medias tradicionais, cando aínda non existían as chamadas *nuevas clases medias* que xurdiron co desarrollismo dos sesenta.

Outro tanto acontece cando abordamos a penetración das burguesías locais nos concellos e hermandades sindicais do franquismo. Supomos a priori, que se trata dos vellos grupos dominantes, porque a historiografía social do primeiro franquismo apenas se ten ocupado de seguir a andaina das elites políticas locais anteriores a 1931, como si fosen vellos dinosauros condeados a extinguirse coa Segunda República e a guerra civil, aínda que eses caciques de sempre reaparecen nas primeiras xestoras municipais que designan os sublevados (Prada Rodríguez, 1999), e na inmediata posguerra da zona republicana (Cazorla Sánchez, 1998). Tampouco sabemos case nada, sobre a socioloxía interna e incentivos do persoal político que, controlaba o poder local en Galicia durante o primeiro, franquismo nin da súa xestión naquelas institucións, especialmente sobre os militantes de Falanxe e as súas estratexias de cooptación.<sup>10</sup>

Podemos decruar xa este ermo historiográfico coa documentación dos fondos locais de Falanxe, e sobre todo, coa das Hermandades Sindicais de Labradores e Gandeiros. As catas realizadas apuntan que a escaseza crónica do pecunio das hermandades sindicais, debida á resistencia dos labregos a satisfacer as cotas<sup>11</sup>, víase agravada polo desvío dese erario para financiar as actividades propagandísticas do réxime<sup>12</sup>, dado o manifesto interese das camisetas azuis para manter a súa presenza nas hermandades sindicais e nos concellos no marco da repetida confrontación coas vellas elites locais. As directrices para a constitución das xuntas municipais, co gallo das eleccións municipais de 1951, non podían ser máis explícitas a este respecto e lébrannos as prácticas electorais propias da Restauración:

*"Es imprescindible que adoptes todas las medidas necesarias y que tomes las máximas precauciones para que sean personas dignas de toda confianza y afiliados a Falange quienes constituyan dichas mesas... Es necesario conservar la homogeneidad política lograda en las anteriores elecciones de 1948, para que todos los municipios estén formados por falangistas o por personas, aunque no afiliadas, afectas al Movimiento y leales al caudillo".*<sup>13</sup>

<sup>9</sup> A vella estrutura gremial da burguesía catalana ocupou o aparato provincial da Organización Sindical (Ramos i Ramos, 1990), o empresariado valenciano ou alacantino presionaba dende o poder local e os sindicatos verticais (Sánchez Recio e outros, 1994), e os propios falanxistas controlaron as institucións locais en Euzkadi (Sánchez Chico, 1998).

<sup>10</sup> O alcalde e xefe local de Falange de Coles, que contaba con 83 militantes, leíalles a circular nº 14/56, instando ó encadramento de novos afiliados, comprometéndose "los camaradas del Consejo Local a entregar en el más breve plazo posible dos solicitudes cada uno continuando la labor de captación de nuevos afiliados", según a Acta de la Sesión del Consejo Local del Movimiento de Coles (18-7-1956), a "Relación nominal de Camaradas Militantes y adheridos encuadrados en la JONS de Coles" e os Resguardos de pago de 1950 (caixa 497, Fondo Falange, A.M. de Coles).

<sup>11</sup> "El deleg. sindical y presid. de la Hermandad, exponen al Consejo Local el estado económico de la Hermandad, resultando que los recibos pendientes de pago por cuota sindical de los afiliados asciende a más de 50.000 pts., motivo por el cual los componentes del consejo solicitan se designe por la Cámara O.S.A. un Agente que lleve a cabo el cobro de dichas cuotas por la vía de apremio...", vid Acta da sesión do Consejo Local del Movimiento de Coles (18-7-1956), Caixa 497, Fondo de Falange, A.M. de Coles.

<sup>12</sup> O Secretario Provincial da Delegación de Sindicatos, dáalle as seguintes ordes ó xefe local de Falange de Coles co gallo da organización dun acto á Cristo Redentor e á Sta. Sede: "quiero darte algunos detalles que no se prestan a ser expuestos en unas instrucciones de carácter oficial... Si podeis obtener información gráfica con arreglo a las normas que ya os dicté, vigílad que las fotografías sean oportunas y hábiles dando la mayor sensación posible del concurso de gentes, más que lo que afecta a Autoridades y adornos de los locales, procurando destacar con cualquier detalle como inscripciones, estandartes etc, el nombre de la localidad... Los gastos que se originen serán todos ellos con cargo a la Hermandad ya que esta deleg. no cuenta con cantidad alguna para poder ayudarlos...", vid. Carta de Teófilo Iñigo Vidal (, 24-2-1951), Caixa 497, Fondo de Falange, A.M.de Coles.

<sup>13</sup> Vid. Circular nº 2 (12-9-1951), Caixa 497, Fondo Falange, A.M. de Coles. A Circular nº 1 "Reservado" (11-9-1951) xa insistía en que "La designación de los componentes de las juntas municipales viene determinada casi en su totalidad por una



A sólida presenza dos empresarios nos aparatos do franquismo, explica que apenas se organizasen como grupo de interés, aínda que o réxime permitiu a existencia de organizacións patronais como as Cámaras de Comercio dende a mesma posguerra, e lexislou de xeito moi favorable para eles (Diez Cano, 1992). A esto se debe tamén, a práctica ausencia de investigacións sobre as actividades empresariais e sociolaborais dos patróns no referente a temas propios da historia social do traballo, como son as políticas de persoal e as relacións das compañías coas súas plantillas. O traballo de Serrallonga (1999) é unha excepción digna de mención, que demostra o extraordinario enriquecemento de moitos industriais da textil algodoeira da montaña catalana, que exerceron os privilexios da súa posición, entraron no mercado negro das cotas e especularon coa ineficiencia das súas propias empresas.

A atención dos especialistas concentrouse sucesivamente, nas orixes e evolución do sindicalismo vertical (Ludevid, 1976; Aparicio, 1980), e na actuación da Maxistratura de Traballo que regulaba as relacións laborais (Pozo, 1993; Mingo Blasco, 1994), debido a que a lexislación franquista dende o Fuero del Trabajo de 1938 permitía seguir doadamente a política estatal de man de obra. Dispomos xa dalgunhas monografías de fábrica que analizan as estratexias patronais no período da posguerra, demostrando que as grandes compañías revitalizaron dispositivos paternalistas que melloraban as condicións de vida dos seus obreiros, ofrecéndolles vivendas, economatos, campos deportivos, actividades recreativas e culturais, escolas de aprendizaxe e caixas de seguros de vellez e enfermidade complementarios para acadar unha meirande estabilidade das plantillas e o seu consentimento na produción (Peña Rambla, 1998; Alonso del Val e Andrés Gómez, 1997). Xorden así na España dos corenta as colonias obreiras nas fábricas de Segarra, en Vall d'Uixó (Peña Rambla, 1998), e Marconi en Madrid ou a ENCASO de Puertollano (Babiano, 1998), como microcidades xestionadas pola empresa que reeditan a deferencia e o paternalismo típicos das relacións laborais do século XIX. Pero só as grandes empresas dispuñan de economías de escala que lles permitían investir en vivendas obreiras ou economatos laborais, cheos de produtos non tasados por debaixo dos prezos do mercado. Medidas paternalistas que tiñan un fondo calado social na España famélica e non-reconstruída dos terribles anos corenta que evidentemente, os liberaban do recurso ás medidas estrictamente disciplinarias para acadar a lealdade vertical dos seu empregados.<sup>14</sup>

E equivalente os grandes propietarios agrícolas disfrutaron dunha situación inmejorable naquela sociedade rerruralizada e aferrollada por unha famélica autarquía cuarteleira, dispoñendo dunha discrecionalidade case total para contratar a unha man de obra sempre abundante e agora amedrentada polos terratenentes andaluces (Naredo e Sumpsi, 1984; Bernal, 1993; Pérez Rubio, 1995), ou que traballaba só polo caldo nos derradeiros pazos galegos (Soutelo, 1998). Pero debemos empezar por coñecer a estrutura da poboación activa agraria na Galicia dos anos corenta e cincuenta e o influxo da proximidade das cidades, que eran o mercado negro 'natural' para os produtos agrarios do hinterland rural (Christiansen, 1999: 229). As aportacións máis recentes insisten en que a resistencia ó intervencionismo económico foi inversamente proporcional á existencia de traballadores asalariados, porque á caída dos salarios e a supresión da contestación social multiplicaba a taxa de beneficio dos propietarios ó tempo que lles deixaba excedentes dabondo para acceder ó mercado negro.

---

*serie de circunstancias que aconsejan el máximo cuidado con respecto al previo conocimiento de las personas sobre quienes recaigan. Son muy escasas las posibilidades de intervenir directamente en tales designaciones y unicamente en las juntas municipales pudiera hacerse que, en cuanto en ellas hay de facultativo, fuesen designados camaradas que aseguren muy directamente la presencia de Falange en tan importante organismo... Es preciso que los jefes locales tengan con los presidentes y vocales de la Junta Municipal conversaciones personales que les permitan conocer de antemano, la predisposición de cada uno de aquellos para evitar sorpresas. No debe olvidarse que la Junta Municipal del Censo ha de intervenir muy directamente en la proclamación de candidatos, en la exclusión definitiva de estos y lo que es de extraordinaria importancia, en la constitución de las mesas".* Reproducimos o subliñado do orixinal.

<sup>14</sup> A abundante ración de tasa que recibían, e coa que moitos estraperlaban ou alimentaban as súas familias, era tamén, o principal incentivo dos paisanos que traballaban nas penosas obras do ferrocarril Zamora-Ourense-Coruña.

Os pequenos propietarios foron os maiores damnificados, porque non tiñan acceso ó mercado negro a grande escala e tampouco podían capitalizar a caída dos salarios reais xa que apenas empregaban man de obra asalariada. Isto explica que a oposición das elites sociopolíticas locais á intervención económica do Estado fose maior onde o traballo asalariado tiña menor incidencia, e desminte a suposta homoxeneidade de intereses da 'clase de servizo' que xurdiu nos presebes do réxime, demostrando a existencia dunha conflictividade, ou cando menos disparidade de intereses, entre os burócratas locais e provinciais e a normativa emanada do poder central de Madrid (Christiansen, 1999).<sup>15</sup>

## 2.- Os traballadores industriais.

Os estudos rexionais demostran as míseras condicións de vida, as depuracións dos obreiros politicamente comprometidos, o aumento da xornada laboral para compensar a regresión tecnolóxica e o sometemento a unha disciplina cuartelaria de traballo, que sufriron os proletarios da posguerra na área de Barcelona (Molinero e Ysàs, 1985), na cunca mineira de Asturias (García Piñeiro, 1990), no ferrocarril e na construción aeronáutica (Babiano, 1998), ou na empresa madrileña do Canal de Isabel II (Mingo Blasco 1992)<sup>16</sup>. Os salarios non recuperaron os niveis de 1936 ata a segunda metade dos anos cincuenta, que se caracterizou por una forte inflación de xeito que o subconsumo da posguerra non se superou realmente ata os anos sesenta (Babiano, 1995)<sup>17</sup>. A coincidencia temporal desta caída brutal dos salarios co desabastecemento autóntico e co mercado negro, socializou a *fame neghra* dende o comezo dos anos corenta. As familias obreiras vivían amoreadas en chabolas e infravivendas en Madrid (Leira e outros, 1976; Montes e outros, 1976) ou Barcelona (Molinero e Ysàs, 1985: 211-214) e subalimentábanse cunha dieta insana e pobre en calorías, que os converteu nas vítimas idóneas dunha mancha de enfermidades (fiebre tifoidea, pelagra, difteria, viruela, tuberculose, neumonía...), que voltaron a ser epidémicas na posguerra (González Portilla y Garmendia, 1989; Martí Gómez, 1995; Serrallonga, 1999: 63-64).<sup>18</sup>

As primeiras investigacións sobre a conflictividade laboral e a resistencia popular contra das medidas económicas do réxime, limitáronse a enfoques rexionais que empregaban a prensa

---

<sup>15</sup> O que nos conduce a repensar a descrición 'tradicional' dese persoal político local como parte da burocracia estatal dun réxime despótico, que se baseaba na dominación de clase exercida polos grupos hexemónicos (industriais, financeiros e terratenentes), e as clases de servizo que xurdiron na posguerra e se mantiveron fieis á xefatura política e ós alicerces fundamentais do réxime (Sevilla Guzmán, 1979: 127-128 e 130, 133, 136-137), porque dispomos xa de exemplos que ilustran a actuación de conxunto político administrativo a prol dos intereses dos labregos modestos nas áreas de pequena propiedade (Bretón Solo de Zaldivar, 1990 e 1993; Cenarro Lagunas, 1997).

<sup>16</sup> Aínda que as Reglamentacións Nacionais de Traballo establecían a duración da xornada de traballo e dos períodos de descanso, os traballadores estaban sometidos á arbitrariedade horaria das empresas que conseguían permisos das Delegacións Provinciais de Traballo para adaptarse ás restricións eléctricas, ou simplemente ignoraban a lexislación e pagaban as insignificantes multas da Inspección que lles caían de cando en vez (Babiano, 1998).

<sup>17</sup> Este fenómeno foi tan drástico que "*la reducción del salario real después de la guerra civil significó, grosso modo, el retorno a la situación retributiva anterior a la primera guerra mundial*" (Carreras, 1989: 15), e afectoulle aínda máis, ós traballadores rurais (Tamames, 1965), xa que o sector agrario forneceu o capital necesario para a acumulación inicial da industria na posguerra (Leal e outros, 1989).

<sup>18</sup> Téñamos presente, que na España da posguerra non existía un sistema público que garantise o benestar mínimo da poboación ata a creación legal da Seguridade Social (1963) que comezou a funcionar tres anos despois. Só contaban cun sistema (?) de seguros, disperso, fragmentario e de baixa intensidade protectora, que se complementaba coas mutualidades laborais e que estaban xerarquizados en función dos sectores e empresas á hora de acceder ás escasas garantías sociais (Pozo, 1993; González Murillo, 1998). O réxime contentouse con artellar a caridade pública a través do Auxilio Social (Carasa, 1997), e expulsou ás mulleres do mercado de traballo coa presión ideolóxica e mediante a Ley de Contratos de Trabajo de 1944 que privaba ás mulleres de liberdade para contratarse. Converteu así á familia na institución social que substituíu á inexistente protección social do Estado ós nenos, enfermos e anciáns e consolidou a desigualdade de xénero na sociedade española da posguerra (Babiano, 1998).

propagandística da oposición obreira clandestina ou no exilio pola falta de fontes oficiais<sup>19</sup>. As sólidas achegas para Catalunya (Fanés, 1977; Molinero e Ysàs, 1985), Euzkadi (González Portilla e Garmendia, 1989; Lorenzo, 1988) ou Asturias (García Piñeiro, 1990; Pozo, 1993), que eran as rexións máis industrializadas do Estado e nas que pervivía unha clase obreira industrial, coinciden en subliñar a case desaparición da confrontación laboral explícita co breve repunte do trienio 1945-1947 que chegou ó cumio coa folga xeral daquel ano en Vizkaia. As informacións dos aparatos do Estado recollidas por Molinero e Ysàs (1998b: 29-33) indican que os traballadores non apoiaron con entusiasmo ó novo réxime, pero mantiveron unha actitude xeralizada de resignada pasividade que só se viu alterada polas fallidas esperanzas que suscitou o remate da segunda guerra mundial.<sup>20</sup>

## II.- A natureza do réxime franquista: os compoñentes fascistas da dictadura.

Resulta imprescindible definir as características esenciais do réxime de Franco e fundamentalmente, da súa política económica como escenario histórico concreto dos actores que participaron nas redes do mercado negro. A tese clásica defende que o Primeiro Franquismo non foi un réxime fascista porque nunca triunfou o ideal revolucionario nacionalsindalista dos joseantonianos. Estaríamos deste xeito, perante unha sorte de *despotismo moderno* nos termos en que o ten analizado Sevilla Guzmán (1979: 125). Pero a interpretación do franquismo está sufrindo unha interesante revisión historiográfica, que conflúe nunha caracterización do réxime como un complexo social e ideolóxico progresivamente constituído sobre un sustrato histórico orixinado pola necesidade de oporse violentamente á ameaza de ruptura da orde social creada dende fins do século XIX coa crise da Restauración (Aróstegui, 1992; Moradiellos, 1995; Pérez Ledesma, 1994; Tussell, 1993). A opresión social e a persecución política aparecen así indisolublemente vencelladas coas orixes dun réxime formalmente dictatorial, que por ser o produto dunha guerra civil, converte a violencia política en elemento informante da súa construción. A historiografía máis recente caracterízao como un réxime de forza cun enfoque despótico-bonapartista de tipo tradicional e carácter sincrético, no que a Igrexa desempeñaría funcións parapolíticas e de lexitimación, mentras a Falanxe fornecería, alomenos ata 1943, a faciana modernizadora para a hexemonía militar-clerical aliada cos sectores tradicionalmente hexemónicos nos escenarios rurais.

A natureza do réxime franquista e a personalidade do *Caudillo* mereceron unha abundante produción, metodolóxica e ideolóxicamente moi dispar, que alimentou un longo debate no que se mergullaron E. Moradiellos (1995), Pérez Ledesma (1994) ou Sevillano Calero (1995), e que resumiron brillantemente Julio Aróstegui (1992) e Glicerio Sánchez Recio (1999). As sínteses máis recentes sobre as temáticas abordadas pola historiografía do Franquismo, e o famoso debate arredor da natureza do réxime, insisten no seu carácter parafascista ou de dictadura fascistizada, e na necesidade de facer unha análise diacrónica do proceso de

---

<sup>19</sup> Coa excepción dalgúns traballos temperás (Ferri e outros, 1978; Fernández Vargas, 1981) e da recente contribución de Molinero e Ysàs (1998b). Recentemente abriuse o acceso á documentación das grandes empresas, ás estatísticas de folgas que elaboraba o réxime dende 1963 ou ós partes oficiais e informes internos dos gobernos civís, das organizacións locais de Falanxe, da Organización Sindical ou da propia Garda Civil.

<sup>20</sup> A devandita folga da ría de Bilbao en 1947 pechou un ciclo histórico do movemento obreiro español, por ser a derradeira protesta organizada polos sindicatos e partidos do Frente Popular e que reivindicaba á volta de la República, mentres que a folga de tranvías de Barcelona (Fanés, 1951; Moreno Juliá, 1999) xa marcou o tránsito a outro tipo de conflictividade laboral coa aparición de novos suxeitos e obxectivos no escenario social (Babiano, 1999).

fascistización que experimentou ata 1941 (Gómez Roda, 1996; Sanz, 1999; Loff, 2000), e da posterior institucionalización e nacionalcatolicización do réxime (Sánchez Recio, 1999: 21).

O sistema político imposto polo xeneral Franco, logo da sublevación militar contra o goberno democrático da Segunda República, foi unha dictadura, si entendemos por tal un réxime implantado dun xeito ilegal mediante un golpe de forza, que exhibe unha ideoloxía antiliberal e antidemocrática e se apoia nun partido único que se indentifica coas políticas dun xefe supremo (Fürher, Duce, Caudillo...), que concentra os poderes políticos separados nun Estado liberal<sup>21</sup>. Pero son moitas as particularidades do réxime franquista, comezando pola súa demostrada capacidade de adaptación para sobrevivir no escenario internacional posterior a 1945. Incorporou moitos elementos do fascismo para institucionalizarse e crear un novo estado: o réxime de partido único que nunca controlou as institucións do Estado; o intervencionismo cunha política económica autárquica que favoreceu ás clases altas e medias; o emprego masivo da violencia política, da coacción institucional, da propaganda e da mobilización política para exterminar todo asomo de disidencia e crear a imaxe dun consenso -máis aparente e forzado ca real nos anos da posguerra-; ou os fracasados e imposibles soños imperialistas no exterior (Sánchez Recio, 1999: 24 e ss.).<sup>22</sup>

A especificidade do franquismo radica en que en España non triunfou electoralmente un partido fascista de masas como na Alemania de Hitler, nin ocupou as institucións do Estado logo de que o seu lider acadase o poder como aconteceu na Italia de Musolini, senón que F.E.T. de las JONS se limitou a apoiar unha rebelión militar dos sectores máis reaccionarios da sociedade española e rematou desmobilizada nun Movimiento creado polo Caudillo dende a jefatura do Estado. O que chocaba coas súas aspiracións de converterse no partido único dun Novo Estado nacionalsindicalista, presentando as credenciais da súa demostrada capacidade para exercer unha represión brutal, mezquiña e despiadada na retagarda que sobardaba notoriamente ó entusiasmo dos 'camisas azuis' cando se trataba de ir voluntario á fronte<sup>23</sup>. O fracaso electoral e mobilizador do partido fascista español explícase polo comportamento sociopolítico das clases medias españolas<sup>24</sup>, xunto coa fascistización progresiva das organizacións conservadoras españolas, que

<sup>21</sup> Por suposto, subordinamos esta irreverente afirmación á lectura da obra máis recente de D. Ricardo de la Cierva (2000) que seica demostra a ilegalidade do goberno republicano e que o pronunciamiento de Mola, Queipo e seu amigo 'Franquito' "no fue un golpe militar fascista", revolucionando así a historiografía sobre o primeiro franquismo. Outro tanto prometen certas 'interpretacións centristas' que revisan todo o que sabemos, e descubren na documentación policial e militar a ausencia de mobilización sociopolítica no agro galego denantes de febreiro de 1936, ou que os represaliados por comunistas xa estaban fichados antes por delincuentes...

<sup>22</sup> Non faltan autores que exoneran o réxime, centrándose na etapa posterior a 1959 para caracterizalo como unha dictadura conservadora que aplicou con éxito unha política económica *estabilizadora e desarrollista* á que lle debemos a definitiva modernización de España. Intégrase nesta tendencia, a corrente funcionalista e sistémica moi influída polos conceptos de socioloxía política que elaborou Linz para referirse ó franquismo como *régimen autoritario de pluralismo limitado* [je tanto...!]. O éxito desta corrente explícase polo tradicional papanatismo dos historiadores cara ós instrumentos conceptuais das Ciencias Sociais e polo proveitoso emprego que lle deron algúns políticos e intelectuais orgánicos durante a Transición para xustificar 'científicamente' a aperturismo do réxime. Visión sincrónica e benevolente da dictadura franquista que esquece que o milagro desarrollista español só foi posible pola 'coincidencia temporal' cunha inmemorable coxuntura internacional para a inserción da economía española nos mercados internacionais a través dos milleiros de emigrantes que enviaban remesas, cos ingresos por turismo e inversións directas, ou a oferta de petróleo abundante e barato. Esquecen tamen, que o réxime mantivo o inmovilismo político e os mecanismos de coacción e represión ata despois da morte do dictador.

<sup>23</sup> O Decreto de unificación de tódolos integrantes da alianza contrarrevolucionaria arredor de F.E. e Comunión Tradicionalista (19-4-1937) inspírase no modelo de partido único dos reximes fascistas pero en senso contrario: o Caudillo configura un Movimiento que o apoie pero nunca lle permite copar as institucións do Estado nin aplicar o seu programa de revolución nacionalsindicalista, neutralizando ós líderes nacionalsindicalistas discolos, como Hedilla ou Muñoz Grandes, e relegándoos a un segundo plano logo da discreta defenestración do *cuñadísimo* Serrano Suñer en 1941 (Thomás i Andreu, 1999: 45 e ss.).

<sup>24</sup> Estas actuaron dun xeito moi diferente ás alemanas e italianas e semellante ás francesas ata 1936. Foron nacionalistas en Euzkadi ou Catalunya, republicanas de esquerdas no resto do Estado e apoiaron unha Fronte Popular que venceu electoralmente ós fascistas, carlistas e demáis coalicións conservadoras, que apostaron xa pola insurrección militar que levou á guerra civil (Sanz, 1999: 207). Pero esas clases medias e burguesías rexionais foron coñecendo despois, a ameaza que

asumiron un discurso populista, nacionalista, antiliberal e de culto ó xefe no decurso da Segunda República que se iba homologando á apoloxía da violencia que exhibía F.E. de las JONS<sup>25</sup>. A dinámica política do primeiro franquismo caracterizouse polo sometemento do partido único fascista ó novo Estado, de xeito que Franco mantivo a súa autonomía para prescindir dos falanxistas, acentuando o peso dos católicos e nacionalistas nas institucións do réxime dende 1943 (Sanz, 1999: 218).

Escasean aínda os estudos sobre as institucións políticas e a cooptación socioprofesional do persoal político local do franquismo na súa primeira etapa. A maioría dos traballos existentes comprobaban a validez das aseveracións das investigacións xerais nos escenarios concretos, sin atravesarse a replantear as explicacións globais sobre os mecanismos de instalación e consolidación das ditaduras na Europa dos anos trinta. Pola contra, as investigacións que analizaron nunha localidade as relacións entre os distintos poderes locais supeditados á autoridade central que representaba o Goberno Civil a nivel provincial durante o franquismo, apuntan a diversidade de orixe e a competencia de intereses entre as familias políticas que integran a coalición reaccionaria dos falanxistas, católicos, tradicionalistas e vellos upetistas, radicais ou cedistas afectos agora ó réxime (Nicolás Marín, 1999; Sánchez Recio, 1996).<sup>26</sup>

O franquismo foi unha síntese de opresión e pseudoxuridicidade, sostida simbioticamente polas camadas e institucións máis tradicionais da sociedade española que mantivo invariable no tempo o seu carácter represivo. Evoluíu eso si, a súa instrumentación da violencia represiva a través de procedementos e xustificacións lexitimadoras, tomadas das correntes europeas do momento, para manter o control das clases subordinadas, cando menos ata a decisiva transformación social que levou ó Estado español á industrialización dos anos sesenta (Aróstegui, 1996: 37-38; Cazorla, 1998: 128-129). Os anos da guerra civil caracterizáronse pola posta en práctica dun modelo represivo baseado nas tradicionais *razzias* emprendidas pola Garda Civil e grupos de falanxistas armados á procura dos fuxidos, que sementaron un terror que paralizou ós elementos opositores e forzou a colaboración activa dos indiferentes (Prada, 1993). Esta lóxica do terror, que xa ensaiara Franco en África e Asturias (1934), establecía un pacto de sangue entre os vencedores ó tempo que enmudeceu ós vencidos (Moradiellos, 1995: 6) e consolidouse na inmediata posguerra. O obxectivo final do franquismo xa non era a eliminación física do competidor, senón lexitimar o poder social que disfrutaban, garantindo a desmobilización da sociedade e, transmitindo un novo modelo de relación entre as persoas e de subordinación destas ó novo Estado dende as igrexas, a escola e os escenarios cotiás de sociabilidade e reprodución social. A uns lembrábanlles a cotío que os *vencedores* dispuñan do monopolio da forza e ós outros alimentábanlles as expectativas de acceder vantaxosamente a determinados recursos e empregos públicos socialmente valorados.<sup>27</sup>

---

supuña para a propiedade privada e para o seu status a revolución social da zona republicana, as oportunidades de beneficios que lles brindou o mercado negro, os salarios baixos e a falta de conflictividade social nos anos corenta ou os grandes negocios co desarrollismo dos sesenta identificándose paseniñamente, cun réxime que lles garantía paz forzada e prosperidade selectiva.

<sup>25</sup> Os monárquicos católicos de Renovación Española e Acción Española estaban sólidamente relacionados coas xerarquías do Exército e da Igrexa e coa oligarquía económica que apoiou o golpe do trinta e seis, inspirábanse directamente en *Action Francaise*, pero tomaron tódalas tácticas contrarrevolucionarias e antidemocráticas do fascismo así como o seu modelo de Estado autoritario. Os 'posibilistas' da CEDA non dubidaron en empregar o discurso hipernacionalista e a demagogia populista do fascismo pola súa eficacia para mobilizar ás masas nun sentido antirrevolucionario, antimarxista e antiliberal. Foron pois opcións políticas que non tenderon pontes a prol daquela paz imposible, senón que anunciaban xa a ideoloxía fundamental do franquismo: conservadurismo católico, nacionalismo económico e autoritarismo político marcado polo exercicio persoal do poder nun estado creado a imaxe da Italia do *Duce*.

<sup>26</sup> Vimos xa a documentación epistolar dos fondos locais de Falanxe de A Peroxa e Coles (Ourense) que demostra a competencia interna entre as familias do réxime nas eleccións municipais de 1948.

<sup>27</sup> Lembremos a concesión de monopolios como gasolineras ou estancos e os postos da administración que se cubriron por 'afinidade' ou afección ó Movemento logo de efectuadas as oportunas depuracións nos diferentes corpos funcionariais como aconteceu por exemplo, cos mestres da ATEO en Ourense (Cid. Fernández, 1989 e 1994).

Foise impondo así, unha dinámica social de supervivencia e resignación entre a poboación que contrastaba poderosamente coa patente de curso que disfrutaba o persoal político do réxime, aínda que existisen certas doses de hostilidade e conflito entre as diferentes faccións das tradicionais elites locais que competían polos favores do Gobernador Civil (Cazorla, 1998). A permanente coacción por parte dun Estado que institucionalizou a violencia física como arma política e excluíu da participación sociopolítica á inmensa maioría da cidadanía, indica a ausencia dun consenso social a prol do franquismo nos seus primeiros anos. Ó novo Estado abondáballe coa desmobilización apática e a adhesión formal da poboación cando xa eliminara físicamente á maioría dos seus inimigos mediante a represión, a cadea ou o exilio (Botti, 1991/1992: 29).<sup>28</sup>

Unha proba da inexistencia real dese aparente consenso oficial sería o artellamento de todo un sistema de non colaboración materializado na resistencia ó pago das cotas das Hermandades, na ocultación de colleitas ou na roturación clandestina de montes para desviar esa produción ó mercado negro. Estas actividades teñen a atractiva faciana dunha resistencia simbólica á dictadura ó tempo que supoñen unha evidente adaptación á coxuntura económica do mercado [negro ou 'de estraperlo'], pero interpretar como oposición política explícita ó réxime franquista estas accións individuais e cotiás de resistencia campesiña ó control das autoridades, expresados en términos primordialmente económicos e por motivacións tamén económicas en defensa dos seus medios domésticos de reprodución social, pode levarnos a converter en virtude a simple necesidade, divagando sobre o famoso repertorio de armas do fleble<sup>29</sup>. Non esquezamos que a declaración de datos falsos ante calqueira procedemento fiscal xa viña de lonxe pois témola constatada alomenos dende mediados do séc. XVIII no célebre Catastro do Mqs. de Ensenada. Máxime cando o campesiñado galego viña de loitar a prol dunha relación co Estado na que este "*habilitase un escenario económico no que o productor estivese protexido dos excesos do mercado capitalista e se lle facilitase por parte da Administración o acceso ós medios de produción e ós novos procedementos de cultivo*" (Cabo Villaverde, 1999: 418).

Pero o Estado franquista, no canto de cumprir estas expectativas, amparouse no aparello represor para aplicar a lexislación vixente como a referente á repoboación forestal, incompatible coa xestión comunal do monte dentro do complexo agrario tradicional, e intervéñen na economía doméstica xenerando un descontento entre os produtores que se plasma en formas de fraude para escapar dese control económico do Estado. Por iso debemos estudar as actitudes de resistencia do campesiñado galego durante os anos corenta non como oposición explícita ó Estado franquista que sería case suicida, senón como resistencia á súa excesiva inxerencia económica na xestión das explotacións familiares. Abondaríalle así, con medidas puntuais (subir os prezos de taxa ou suprimir directamente os cupos de entrega forzosa, mellorar a distribución do racionamento e sobre todo, dos adubos e anticriptogámicos) e artellar formas de explotación do monte compatibles cos usos comunitarios, para eliminar ese potencial de oposición ó intervencionismo económico e á corrupción da política autárquica dos anos corenta, porque non existiu unha mínima estrutura de oportunidades políticas para que se expresase nun rexeitamento explícito ó réxime ata ben entrados os anos sesenta (Soutelo e Varela, 1998).

---

<sup>28</sup> A dictadura de Franco, a pesares de terse servido de todo un aparello cultural e socializador inspirado no fascismo, "tuvo esencialmente un carácter desmovilizador de la población, favoreciendo la apatía política y la aceptación pasiva de las pretendidas esencias del régimen, a excepción de aquellas ocasiones puntuales en las que se buscó la movilización popular en las esporádicas muestras de adhesión organizadas desde el poder" (Sevillano, 1995: 229). O filósofo José Luís Aranguren explicaba a súa colaboración co réxime nunha entrevista a *Cambio 16* (16-X-1990) porque "... *triumfó Francisco Franco ¿no?, entonces si son estos los que vencen, ¿que le vamos a hacer!.* *Hav que estar con los que vencen.* *Es decir lo que hicimos todos, resignarnos y aceptar*", o subliñado é noso.

<sup>29</sup> Entendendo por tales, un conxunto de tácticas e formas de resistencia e protesta simbólica en escenarios políticos desfavorables para a mobilización e o desafío explícito ó poder mediante o silencio e os tabúes, a manipulación do acontecemento, a reelaboración do feito, a alteración do suceso, ou o descoñecemento finxido (Scott, 1985: 421-422; e 1986: 31).

### III.- O estraperlo na política autárquica da posguerra.

"¿Que levas nesa saia que tanto valor lle das?. Levo garbanzos e fabas para ir a estraperlar...

¿Que levas nesas alforxas que tanto valor lle das?. Levo café e azúcar da raia de Portugal..."<sup>30</sup>

A excelente produción dos historiadores da economía, sobre os aspectos macroeconómicos do intervencionismo estatal e a comercialización ilegal da produción nos anos corenta e cincuenta, ten demostrado que a opción autárquica foi unha política económica contraria á lóxica económica do mercado, que concebiron e impuxeron os xerarcas do réxime para garantir a autosuficiencia económica e fomentar a industrialización a expensas da agricultura (Barciela, 1987 e 1996; Catalán, 1995; Moreno, 1994)<sup>31</sup>. A formación económica dos autores pioneiros (Alburquerque, 1981; Barciela, 1981, 1981b, 1985; Naredo, 1981) levounos a elaborar unha *econometría da fame* que desatende aspectos cualitativos como a incidencia real que tiveron a autarquía e o estraperlo na supervivencia cotía da poboación española e no enriquecemento dunha minoría ben relacionada coas esferas de poder.

A autarquía do primeiro franquismo entronca coa tradición do proteccionismo económico español e constituíu a finalidade principal da política económica do réxime ata o Plano de Estabilización de 1959. O intervencionismo do Estado foi o medio aplicado para acadar a autosuficiencia económica subordinando a economía á política<sup>32</sup>. Foi un obxectivo explícito dos primeiros gobernos do Caudillo, que planificaron a economía daquela España que eles mesmos destruíran, aplicando os seus coñecementos da intendencia cuarteleira e o modelo autárquico da Italia fascista de Mussolini. Nunca foron quen de elaborar unha teoría, mínimamente coherente, sobre a aplicación desta política que perpetuou durante case vinte anos a fame da posguerra, provocando a aparición dun xigantesco mercado negro e consolidando o atraso económico da estrutura empresarial e industrial de España (Carreras, 1987: 280-282, San Román, 1999).<sup>33</sup>

<sup>30</sup> Extraído da canción "o estraperlo" do grupo Fuxan os Ventos.

<sup>31</sup> Franco non tiña orixinariamente, unha teoría económica coherentemente elaborada, senón que os seus proxectos neste eido eran "absolutamente acientíficos, cheos de voluntarismo, simpleza, autosuficiencia e demagogia" (Biescas e Fernández, 1986: 68). Según J. Fontana (1986: 27-28) o Caudillo coíndaba que o sistema democrático e, en particular, o pluralismo político e a loita de clases alentada polos sindicatos, atrancaban o crecemento económico, de xeito que abondaría con suprimilos para resolver os problemas dese tipo e poder consagrarse á pesca do salmón.

<sup>32</sup> Ofrecémos unha idea fiel da importancia que tiña a Política Económica para os gobernantes da época, que o xefe do Servicio de Planificación de la Dirección General de Industria pontificase que "la autarquía no es otra cosa más que la subordinación del desenvolvimiento económico a los requerimientos de la política" (cit. en Rico, 1999). Crearon a Comisaría General de Abastecimientos y Transportes ( C.G.A.T.) pola *Ley do 10-III-1939*, a *Orden del Ministerio de Industria y Comercio do 14-V-1939* establece oficialmente o réxime de racionamiento e control de subsistencias; mentres a *Ley 26-X-1939 de la Jefatura del Estado* cualifica o acaparamento como delito suxeito á xurisdicción dos tribunais militares, fixando as sancións a aplicar en caso de aumento indebido de prezos, o *Decreto do 28-VI-1939* asigna as racións e, a través da *Ley de Fiscalía de Tasas*, (30-IX-1940), o goberno intervéñ os produtos básicos para asegurar o abastecemento da poboación a prezos fixos. A *Ley del 16-X-1941 de la Jefatura del Estado* contra o acaparamento e a ocultación revela o fracaso da loita do réxime para garantir o abastecemento da poboación, recoñecendo no preámbulo da mesma, a inutilidade das anteriores disposicións; nesta norma e noutras que a complementan (*Orden 6-XII-1941*, *Orden 7-III-1942 de Presidencia*), equipáranse estes delitos cos de "rebelión", fixando penas de 6 a 12 anos de reclusión e ata de morte por considerar a existencia dun grave prexuízo para a nación.

<sup>33</sup> A magnitude do mercado negro era tal, que o aceite consumido "invisiblemente" en 1944 acadou o 34% da produción (Gutiérrez del Castillo, 1983), e o trigo de estraperlo sobardou sempre o 50 % do total comercializado, a pesares de que este era o produto máis controlado, polo que o seu grao de agachamento era inferior ó das leguminosas e outros cereais (Barciela, 1986: 395). O propio SNT recoñecía a existencia do mercado negro do trigo, e publicou unhas estimacións nas que comparaba as cifras oficiais do trigo vendido de estraperlo coa colleita total, no canto de facelo co total comercializado, para

As normas que foi dictando o goberno franquista dende a guerra civil, reflectían xa a súa concepción do papel intervencionista que debía ter o Estado como regulador da actividade económica, na liña tradicional do nacionalismo económico baseado no proteccionismo arancelario e na substitución de importacións (Estapé, 1972: 233)<sup>34</sup>, para impulsar unha reforma técnica da agricultura e da industria que aumentase a produción e garantise o abastecemento da poboación. Os medios empregados foron fiscalizar a produción, decretar prezos fixos para os produtos básicos, asignar os recursos productivos (carburantes, maquinaria, sulfato, adubos químicos...), repartir os alimentos de consumo e espallar o 'mito útil' do aillamento internacional e o pago da axuda de guerra para xustificar os 200.000 mortos por fame e enfermidade (Richards, 1999).<sup>35</sup>

A ineficacia do intervencionismo autárquico para reconstruír o tecido productivo do país e garantir o abastecemento da poboación (racionando os alimentos e requisando a produción a precio de Tasa a través das célebres Centrales Reguladoras de Productos Agrícolas), revélase cando analisamos as súas consecuencias macroeconómicas e microsociais. A provisión de víveres para a mantenza da poboación estaba encomendada a unha complexa e descoordinada administración provincial que dependía dunha mancha de organismos (a comandancia militar, o goberno civil, os concellos xestores, as xuntas provinciais e locais, o Servicio Nacional del Trigo e a Comisaría General de Abastecimientos y Transportes) que demostraron a súa ineficacia para impedir que a poboación falsease os censos de poboación e as declaracións de produción, desviando ó mercado negro as colleitas clandestinas das terras marxinais. Os prezos agrícolas oficiais que pagaba o Estado eran inferiores ós de equilibrio do mercado e non remuneraban o esforzo dos produtores que coñecían as oportunidades de negocio que ofrecía o mercado negro a quen dispuxera de terras nas que sementar cereal. Isto explica a caída na produción e nos

---

disimular a importancia daquel (SNT, 1964). A produción clandestina de coiros vacúns achegouse tamén ó 50% da declarada e o comercio clandestino de coiros, españois ou importados, acadou tamén a metade do legal, de xeito que ós pequenos industriais alicantinos non lles quedaba outra alternativa que acudir conxuntamente ós lugares de venda clandestina si querían conseguir pieles do grosor e da cor que precisaban (Moreno Fonseret, 1994 e 1999b).

<sup>34</sup> Potenciouse a industria pesada cos beneficios fiscais e económicos recollidos na Ley de Protección de las Nuevas Industrias de Interés Nacional (24-X-1939), creouse o INI (Ley do 25-IX-1941), e supeditouse o futuro da agricultura á creación dun tecido industrial (Velasco, 1982). Esta tendencia das institucións políticas españolas a intervir no sistema económico desviou as estratexias de vida de boa parte da poboación á consecución de rentas do sector público, mentres que os empresarios demandaban estabilidade social fronte ás reivindicacións obreiras e proteccionismo arancelario que lles garantise o monopolio do mercado (Moreno Fonseret, 1999: 89-90).

<sup>35</sup> A propaganda oficial do Réxime e certa erudición localista contaxiada polos discursos idílicos do confesionalismo máis rancio, difundiron a idea de que as requisas e o racionamento viñeran impostos pola destrución bélica e o aillamento internacional. E acadaron moito éxito entre a cidadanía; de xeito que os entrevistados exoneran ós gobernantes cando lembran aqueles anos da fame que aturaron na posguerra: J. Tibiraos interpretaba así as causas da fame e o estraperlo: "*Esto todo surgió después de la contienda porque hubo más escasez; estaba todo destrozado e incluso tuvimos que repartir con los aliados nuestros!*". Antonio Vidal Iglesias, viticultor acomodado que foi vocal na Hermandade de Labradores de Ribadavia, explicábanos que "*hubo tantos años de fame porque as cousas iban deiqui de España para Alemania e as outras nacións non reconecían a nosa peseta e formáronlle o boicot e bloqueárona hasta que Perón empezou a mandar barcos de trigo e reconeceu a nosa peseta porque faltaba o tesouro, que marcharon toneladas e toneladas de ouro para México e para Rusia... Nós tiñamos que pagar con divisa calquera cousa que fora e había que mandarlle aceite a Alemania; había que pagar con comestibles a todos os lados que nos axudaron na guerra...*". Pero Gonzalo R. P., líder agrario de Alongos (Toén, Ourense) que fundara e dirixira o grupo local do P.G. (a Irmandade Nacionalista de Alongos), fuxindo no 1936, entregándose ó rematar a guerra e sufrindo cadea no penal de San Cristobal de Pamplona, tamén afirma que "*o trigo que producía Castilla tiveron que llo dar ós alemáns, o aceite levárono os italianos e outra cousa eiqui non deixaban vir de fora*". O noso informante foi elixido presidente da Hermandad Sindical de Labradores de Toén cando voltou do presidio en 1943 e comezou a mercar insumos, pero o xefe provincial cesouno ós tres meses. É máis grave cecais, que aínda se escriban boutades exculpatorias como a seguinte: "*la dura crisis económica de la postguerra llegó a todos los rincones de España. Fueron unos años de depauperización... La creación del S.N.T. en 1937 fue vista como el medio salvífico para los labradores... El gobierno de la España nacional había hecho una demostración de que tenía presente a la España rural de cuyos campos salían voluntariamente tantos muchachos al encuentro de la muerte. Al grito de "¡Arriba el campo!" portador de un mensaje político de reconocimiento... A los labradores se les ponía la boca dulce con la noticia de que se había creado un organismo para aumentar el nivel de vida del campo, salvándolo del capitalismo liberal y de la especulación*" (Martínez, 1982: 201 e 209). A. Botti (1992) ten feito unha lúcida interpretación da persistencia destes discursos idílicos no socialcatolicismo español.



rendementos/Ha. que reflecten as estatísticas da posguerra para os principais cultivos (Barreiro Fernández, 1991: 313)<sup>36</sup>. O resultados sociais non poideron ser peores neste escenario no que subían os prezos dos produtos básicos e menguaban os salarios reais das familias populares. Os grandes produtores e especuladores aproveitaron a estrutura de prezos favorable ó sector agrícola para comezar un proceso de acumulación capitalista e enriquecéronse tamén os gobernadores civís e alcaldes que, actuando como delegados provinciais e locais da CGAT, recibían parte das ganancias polo seu silencio, estraperlaban directamente os produtos de taxa e detiñan a cantos destilaban augardente sen permiso, agachaban as bouzas de trigo ou sementaban tabaco entre as naveiras de millo.<sup>37</sup>

Implantouse a partir da campaña 1944/45, un sistema de cupos forzosos polo que se lles esixía ós produtores unha declaración da posible colleita co visto bo dos alcaldes que se contrastaba logo cos informes das Juntas Locales Agrícolas sobre o estado da colleita. A Junta Provincial de Distribución del Cupo del Trigo fixaba os cupos municipais de entrega forzosa que lle comunicaba logo ás Juntas Locales de Distribución de Cupos, baseándose nos datos recabados sobre o terreo polo personal técnico das Jefaturas Agronómicas, os facilitados polo Servicio do Catastro de Rústica e os avances de colleitas de cereais aportados polo SNT e a Delegación Provincial da CGAT. As Juntas Locales facían a distribución individual dos cupos entre os agricultores determinando os rendementos medios para cada término municipal. Formábanas o alcalde, o Jefe da Hermandad de Labradores, un membro do Cabildo Sindical, un agricultor de prestixio da localidade designado pola Xefatura Local do Movemento e o secretario da Hermandad de Labradores. Os maiores propietarios rústicos controlaban a declaración de colleitas e dispuñan de varios mecanismos para agachar súa produción propia e desviala logo ó mercado negro<sup>38</sup>.

A comercialización clandestina e o fraude fiscal foron as prácticas máis usadas nunha sociedade marcada pola corrupción económica e política, e pola irracionalidade na xestión empresarial nun escenario económico no que os beneficios non dependían da eficacia naquela senón da influencia nos centros de poder que repartían as prebendas, polo que era prioritario estar ben relacionado cun grupo de presión poderoso e cohesionado (Moreno, 1999). Produciuse así, unha territorialización da autarquía que obedece á lóxica interna do sistema e se explica pola discrecionalidade na concesión de licencias e privilexios ós 'afectos ál réximen' ou ben relacionados coas instancias de poder, no contexto dunha desfeita económica de tales dimensións que agromaron as críticas ó sistema de intervención dentro das filas do franquismo.<sup>39</sup>

---

<sup>36</sup> Sirva como exemplo a situación da cunca do Ter ata 1943: a produción agrícola caía en picado pola falta de sementes que obrigou a reducir a superficie sementada de trigo e centeo, as colleitas de pataca foron pésimas polo esgotamento das sementes e á plaga dos escaravellos, e os sacrificios de gando lanar, vacuno e porcino nos matadeiros públicos reducíronse a menos do 50% dos realizados en 1935. O SNT autorizou ós alcaldes para controlar as colleitas e expedientar ós donos dos muíños que moesen cereal roubado ou procedente do mercado negro e colocou axentes delegados ou xefes de almacén para controlar as declaracións e vendas obrigadas do cereal, todos eles se enriqueceron deseguido pola súa capacidade de permitir a comercialización fraudulenta de boa parte das colleitas (Serrallonga, 1999: 56 e 58-59).

<sup>37</sup> As aprehensións masivas de plantacións ilegais de tabaco no Ribeiro en 1942 explícanse porque os retornados de Cuba sementaban o tabaco para facerse os seus propios xarutos. A demanda durante a posguerra multiplicou o seu cultivo nas zonas menos aptas para a vide ou o trigo e trocábase o tabaco por alimentos (Martínez-Risco, 1999).

<sup>38</sup> Os principais eran tres: presentar estimacións de superficie sementada, rendementos medios e colleitas probables, moi por debaixo da realidade para rebaixar o cupo municipal porque en tódalas campañas se iban 'perdendo' hectáreas sementadas e quilogramos de trigo (Moreno, 1999b), o que axuda a explicar a famosa caída dos rendementos agrarios na posguerra; 2) suplicar unha redución daquel, alegando malas colleitas e precisar mais grao para autoabastecemento da poboación e dos reservistas que tamén eran máis dos previstos; e 3) non entregar o cupo prescrito ou sobrecargar ós veciños, para dispor dun excedente de trigo que rendiría pingües beneficios no mercado negro.

<sup>39</sup> As Cámaras de Comercio elaboraron informes sobre a situación económica e as posibles solucións á crise recomendando o abandono da política autárquica, o que lles provocou numerosos conflitos cos sindicatos (Moreno Fonseret, 1999: 98-99). Outra proba do fracaso da irracional política autárquica é que o sistema de racionamento de alimentos se suprimiu en Austria a partires de 1949 (en decembro dese ano disolveuse o M. de Alimentación da Poboación e xa houbo unha oferta libre de produtos de consumo dende xaneiro de 1950), desaparecendo as cartillas de racionamento en xullo de 1953 (Bandhauer,

O intervencionismo estatal no consumo estableceuse en 1943 coa implantación da cartilla individual de racionamento que diferenciaba entre infantiles e adultos; en 1944 permitíuse o cambio de establecemento proveedor e no 1945 a Tarjeta de Abastecimiento. Todas estas medidas non evitaron o fraude, porque a cartilla utilizábase sen presentar ningunha documentación adicional, de xeito que servía a dalgún parente defunto, reclutado ou emigrado para conseguir unha ración extra de alimentos<sup>40</sup>. Outra posibilidade era censarse na capital da provincia e máis na localidade onde se residía de feito, para aproveitar a maior abundancia e variedade do racionamento urbano porque eran grandes as diferencias na cantidade e na periodicidade do reparto dos alimentos da taxa entre a cidade e o resto das vilas e pobos da provincia<sup>41</sup>.

A existencia dun dobre mercado (o clandestino con prezos libres e o oficial intervido) desartellou a estrutura económica española pola diferenza de prezos entre as zonas deficitarias (Madrid, Barcelona ou Alacante) e as zonas productoras, obrigou a decretar medidas benéficas para asegurar o abastecemento das clases menos favorecidas, que apenas amorteceron a inflación real nin a fame da poboación urbana según os datos oficiais que manexa Roque Moreno (1994: 119). A creación dos *cupones-prima* e postos reguladores para contrarrestar a subida de prezos dos produtos de venda libre nas poboacións deficitarias, só beneficiou ós encargados deses postos que manipularon os prezos e desviaron parte das existencias ós postos libres, en connivencia coas autoridades locais encargadas dos abastos, enriquecéndose a conta da fame da xente.<sup>42</sup>

### 1.- O estraperlo de supervivencia das familias labregas na posguerra: ¿resistencia ó Estado ou adaptación forzada ó mercado?.

A imposición governamental dunha fronteira artificial chocaba certamente, co *ethos relacional* típico das poboacións raianas nas que se misturan experimentalmente xentes e culturas, e a conxuntura da posguerra española ofreceulle ás familias tramontanas a oportunidade de acadar un suplemento económico nun contexto de penúria extrema no lado portugués. A existencia desta pluriactividade integrada nas economías domésticas campesiñas, que maximizaba os beneficios cun mínimo de custos no mercado real aproveitando as vías de comunicación e redes sociais preexistentes, explica a densidade de poboamento na zona raiana porque os seus habitantes levaban xeracións saltando á fronteira para casar, vender gandos,

---

1999: 116), mentres que na España de Franco durou case dez anos máis. Os traballos do enxeñeiro agrónomo L. Ridruejo ("El equilibrio en la explotación del campo") e de M. de Torres ("De los efectos de la intervención en los precios de la producción agraria") na célebre revista *Agricultura*, explicaban a caída da produción e dos rendementos agrarios pola imposición duns prezos non remuneradores, rexeitando a explicación exculpatoria das destrucións feitas polos roxos, a escaseza de adubos e gando de labor ou o comodín da pertinaz sequía, e recomendalas xa liberalización que triunfou co nomeamento de R. Cavestany para o Ministerio de Agricultura en 1951 (Barciela, 1999).

<sup>40</sup> O celo da Sección de Estadística e Racionamiento para depurar o censo de cartillas de abastecemento provocou a detención de 1632 alicantinos en fornos e tendas de ultramarinos en 1944, por empregar 648 cartillas de difuntos, 263 de soldados activos e 721 duplicadas en 1944 (Moreno, 1999).

<sup>41</sup> Os habitantes da capital recibían semanalmente maiores racións de aceite, azúcar, xabón, patacas, arroz, pasta, leite condensada, chocolate, café, bacalao, puré e fariña, mentres que ós veciños dos pobos e vilas só lle entregaban mensualmente a súa ración cunha irregularidade subordinada ás arbitrariedades dos que controlaban a súa distribución local (López Fernández, 1999). E se non tiñan antecedentes de 'desafección al Régimen' podían matar a fame acudindo ós mirrados servizos sociais da época (Auxilio Social, Junta Provincial de Beneficencia e Junta de Ayuda Nacional Sindicalista) ou á caridade daquela Igrexa nacionalcatólica que recuperara os seus privilexios coa Gloriosa Cruzada dun Caudillo bendecido como providencial para España.

<sup>42</sup> O Decreto-Lei do 15 de marzo de 1946 establecía o reparto de follas suplementarias de cupóns-prima para os obreiros das cidades de Madrid, Barcelona, Valencia, Sevilla, Alicante, Zaragoza, Bilbao, San Sebastián e Vigo que tiñan uns prezos desorbitados por carecer de zonas de cultivo, e a Circular 563 da CGAT regulaba o establecemento de postos de venda de carne, pescado e verduras en maior cantidade e máis baratos coa mesma fin.

acudir ás feiras, festas e romerías ou emigrar<sup>43</sup>. As pescudas desenvolvidas por Paula Godinho nas aldeas fronteirizas dos concellos de Chaves e Montalegre demostran esa interferencia entre a política macroeconómica dos Estados, aplicada polas súas institucións fiscais, e as estratexias microeconómicas de reprodución social das familias rurais, a partir de relacións económicas e interaccións sociais preexistentes que retroalimentan a rede operativa do contrabando (Godinho, 1993, 1995 e 1999).<sup>44</sup>

A comercialización clandestina de boa parte das colleitas beneficiaba a algúns sectores da poboación (campesiños que podían ofertar algo detraéndoo do propio subconsumo, consumidores que empeñaban o que fose para mercar que comer...), pero enriqueceu fundamentalmente, ós propietarios agrarios que dispuñan da colleita, de medios para agachala e dos contactos necesarios para vendela de estraperlo. As interpretacións microsociais do mercado negro subliñan a faciana heroica do práctica do contrabando como unha desas armas dos febles, eficaces por anónimas, que desenvolveu o campesiñado para garantir a supervivencia da súa *economía moral*, expresando o seu descontento en escenarios desfavorables como as dictaduras de Franco e Salazar, que suprimiran tódalas posibilidades de organización proactiva para plantexar reivindicacións sociolaborais cun mínimo contido de clase.<sup>45</sup>

A práctica do contrabando é unha actividade económica case universal, que aparece en diferentes escenarios históricos como resposta microsocia ás regras intervencionistas do Estado, e asume efectivamente, a maior parte das características apuntadas por J. Scott para as "formas cotidianas de resistencia": require pouca ou ningunha coordinación porque se integra na propia actividade social dos individuos, encuberta polas accións de traballo e polas relacións microsociais de parentesco, amizade e veciñanza que reforzan as súas oportunidades de éxito; apoiase nas redes informais de sociabilidade que ofrecen axudas recíprocas e silencios cómplices ante as autoridades coas que se evita sempre o enfrontamento explícito; e os discursos populares coetáneos ou posteriores demostran que esta actividade mercantil contaba coa lexitimación da comunidade que finxe ignorar ou camufla o seu carácter ilegal e subliña a existencia dun código de honra dos contrabandistas que os presenta sempre como individuos honestos e xustos, que compran as mercancías que pasan para sobrevivir, reinsertándose así por méritos propios nos

---

<sup>43</sup> Un observador coetáneo escribía sorprendido, que "*há constante troca de relações pessoais e comerciais, apenas dificultadas pelas nossas leis repressivas de contrabando e emigração clandestina... de efeitos quasi nulos, sobretudo quanto à entrada recíproca de portugueses e espanhóis*" (Magalhães Basto, 1923: 35). A presenza do Exército nas operacións de aprehensión de contrabando realizadas en Oimbra e a Gudiña (Martínez-Risco, 1999) demostra o interese de ámbolos gobernos dictatoriais en impermeabilizar a *raia seca*.

<sup>44</sup> Eis outro indicador da feble nacionalización das masas ibéricas polos respectivos estados liberais contemporáneos que arelaban unha lealtade política excluínte dos seus cidadáns identificados co referente nacional e territorial (Anderson, 1996: 5 e 25). Pero isto, chocaba co ethos de relacións sociais e comerciais dos pobos raianos, que tiñan familiares e terras ós dous lados da fronteira e sabían que a existencia daquela lles permitía facer negocios para resolver o permanente problema da súa reprodución social. As relacións familiares e de veciñanza, ou os tradicionais vencellos histórico-culturais das poboacións raianas, sobrevivíronlle así ós lindes artificiais establecidos no *Tratado de Límites hispano-portugués* (29-IX-1864) e á *Acta General* (1906) que delimitaba máis polo miúdo os lindes na provincia de Ourense, segundo Luís García Mañá (1988 e 1993) ou a percepción novelada de Ferreira de Castro (1990) cando afirma que "*os galegos estragavam tudo, quer pagando quantos direitos os guardas fiscais lhes exigiam quer andando na calada da noite, a fazer contrabando de peles*" (cit in Martínez Risco, 1999).

<sup>45</sup> A paisanaxe portuguesa vivía dun xeito miserable baixo a dictadura do Estado Novo, xa se tratase dos pequenos propietarios insuficientes do norte ou dos xornaleiros proletarizados nos latifúndios meridionais que sufrían un forte desemprego estacional (de ata 4 meses os homes e 6 as mulleres), polo que todos eles exercían o contrabando como pluriactividade complementaria das mirradas economías domésticas. A política de modernización do campo portugués dende os anos trinta aseméllase moito ó intervencionismo económico do primeiro franquismo, compartindo a fiscalización rigurosa de tódalas actividades vencelladas coa produción agraria: impúxose unha organización corporativa que privilexiaba os intereses dos grandes propietarios nos Sindicatos, Casas do Povo, Grémios da Lavoura, Federações, Juntas e Organismos de Coordinación Económica; a política de colonización e repoboación forestal establecida na *Legislação do Povoamento Florestal* e aplicada pola Dirección Geral dos Serviços Florestais e Aquícolas, privou á poboación rural dos tradicionais recursos comunais e foi unha das causas principais da conflictividade social; e o sistema de racionamento e control do comercio de produtos agrarios con precios fixados polo Estado a través de Grémios, Federações e Juntas ata 1945 socializou a fame que forzou a práctica do contrabando como na España de Franco.

lindeiros da *ética de supervivencia* do campesinado<sup>46</sup>. Pero esta caracterización non permite afirmar que "*a actividade do contrabando se enquadra no ámbito das actividades de resistencia, sem assumir um carácter meramente político e manifestando-se com maior expressão em determinadas conjunturas*" (Fonseca e Freire, 1999), porque cando pretendemos integrar o contrabando na tipoloxía da causalidade dos movementos sociais durante o Estado Novo, só 'entra' no esquema explicativo que nos ofrecen estas autoras, como un mecanismo de adaptación forzada ó mercado por simple necesidade de supervivencia ou para aproveitar as oportunidades de negocio rápido.<sup>47</sup>

Coidamos que non se trataba de ningunha resistencia directa contra o Estado, senón dunha estratexia individual para complementar os rendementos familiares por simple necesidade de sobrevivir. Os labregos raianos recorren ó contrabando de pequena dimensión como unha variante máis do comercialización forzada á que se viron suxeitas as explotacións familiares na época contemporánea, aproveitando a existencia de fronteiras estatais entre comunidades veciñas<sup>48</sup>. A principal motivación dos individuos que practican o contrabando é exclusivamente

---

<sup>46</sup> Os traballos de campo realizados en distintas localidades de Galicia e Portugal, subliñan que a existencia dunha confianza recíproca cos outros individuos cos que se negocia e se chega a establecer unha relación estable de amizade instrumental, favorece a práctica do contrabando, garantindo o éxito do negocio que retroalimenta a estabilidade da rede. Pero esa solidariedade da poboación cos estraperlistas tamén se explica pola expectativa da axuda mútua (silencio por alimentos) e pola simbiose dos intereses do estraperlista profesional que aproveitaba o mercado negro para facer negocios, do cidadán normal que tiña necesidade de vender no mercado negro o seu cupo dalgún produto racionado a un prezo superior ó de taxa e das *galdrucheiros* do Baixo Miño e do Ribeiro que atravesaban a raia de Portugal á procura de aceite, fideos, carne ou xabón para as súas familias (Rocha, 1999). Así o entendía Purificación R.: "*a xente avisábanos por onde andaban os guardias, non denunciaba porque daquela había moita fame e o que non compraba calaba o pico*". A práctica de venda 'ó fiado' aparece en todas as entrevistas que lle fixemos a estraperlistas, como un mecanismo para lexitimar ante os veciños o exercicio dunha actividade tan lucrativa nun escenario agrosocial dominado pola fame. Servía tamén para artellar redes de lealdade e dependencia que garantiran a ignorancia finxida dos veciños diante das autoridades, coa contraprestación do prestamo ó consumo polo estraperlista. Esta entrega xenerosa dun ben é a garantía dunha amizade instrumental que sobarda a mera relación comercial para asegurar as transaccións no mercado negro e reforzar a súa continuidade, construíndo unha confianza recíproca. Así, a dona do matrimonio rainano vultou de venderlle un cabrito á muller galega que adoitaba mercarllos, cunha saca de castañas agasallo da '*súa vecinha galega*' (Godinho, 1999).

<sup>47</sup> Inês Fonseca e Dulce Freire (1997) propoñen nove grupos que nos reducimos a tres ámbitos xenéricos: exercer unha pluriactividade complementaria dos rendementos da explotación familiar suxeita ó desemprego estacional para reproducirse naquela e cumprir coa fiscalidade estatal; reaccionar perante o intervencionismo estatal na agricultura (reforestación de terreos baldíos, colonizacións, realización de obras públicas e hidráulicas, encadramento corporativo do campesiñado...); e aproveitar as oportunidades de negocio (ilegal) que ofrecía a coxuntura internacional da guerra civil española, a Segunda Guerra Mundial e a demanda migratoria en Europa. As diferentes pescudas realizadas nas comarcas portuguesas (Brito, 1988; Cavaco, 1995; Godinho, 1995), insisten na importancia económica que acadou o contrabando nas estratexias de reprodución social das familias raianas, porque as necesidades básicas se complementaban mellor do outro lado da raia e os portugueses aproveitaron as oportunidades de negocio coa famélica España, desabastecendo o seu mercado interior como denunciaba o *Mensageiro de Bragança* (1-2-1943): "*pelas praças da Guarda Fiscal do posto desta cidade foram apreendidas 20 caixas de sabão que levavam destino ilegal. Bem hajam as diligentes praças que fizeram o serviço, pois é uma vergonha o que se está passando. O povo vê-se e deseja-se para conseguir o sabão necessário para uso doméstico e não consegue o estritamente necessário; quando é certo que, todos os dias, pessoas sem a mínima noção dos deveres que a hora presente a todos impõe, passam sabão em grandes quantidades para o país vizinho. O contrabando nesta região atinge proporções alarmantes: é sabão, são fazendas brancas, sola, etc*" (Afonso, 1999).

<sup>48</sup> O estudo antropolóxico realizado na aldea de Montalvão da cámara de Nisa (distrito de Portalegre a 10 Km. da extremeña Cedillo), conclúe que "*os agentes económicos envolvidos na actividade tinham como objectivo satisfazer as necessidades económicas do seu grupo doméstico... Na comunidade em que realizámos o nosso estudo verificámos que este tipo de comércio paralelo constituiu não só uma actividade complementar à economia do grupo doméstico, mas também, em alguns casos, a única actividade económica dentro do mesmo... Em nosso entender o contrabando praticado com o fim de satisfazer as necessidades económicas do grupo doméstico, não constitui apenas uma alternativa pela qual os agentes possam optar, mas sim uma estratégia que se vêm obrigados a utilizar perante a inexistência de outros meios que assegurem totalmente a sua sobrevivência*" (Luz, 1999), o subliñado é noso. Os escritores coetáneos apuntaban que "*o que mais tipicamente caracteriza o quadrzenho é a sua paixão pelo contrabando, fenómeno naturalíssimo, comum aos fronteiriços de todos os países. Logo que nisso reconhece vantagens, o raiano contrabandeia e, com ele, todos os que lhe compram*" (Montemor, 1939: 252). "*O contrabando parecia ser uma "vocação" das áreas raianas, criada pela própria fronteira e avivada pela proibição das trocas normais, pelas diferenças de preços, pelos níveis de abastecimento dos mercados e pela adesão a certos consumos*" según Carminda Cavaco (1995: 327) e mesmo I. Fonseca e D. Freire (1999) desbotan, por un intre a metafísica da resistencia, cando aclaran que os contrabandistas que elas estudan "*pasam na fronteira o excedente da súa produción agrícola ou as mercadorias doutros que lles pagan por facelo*".

económica: queren fuxir da fame e complementar a economía familiar cunha pluriactividade que estaba integrada de cheo no repertorio de que dispuña o campesiñado raiano para tratar de reproducirse socialmente no seu medio rural. Pero o contrabandista desafia ó poder político, porque exerce un comercio prohibido pola Lei, situándose nunha perigosa fronteira entre a liberdade acompañada dun enriquecemento máis ou menos rápido e a ruína coa cadea<sup>49</sup>. Convértese así no novo heroe do imaxinario popular, o exemplo del *self-made man* a imitar como foran antes os indianos, porque fai as Américas ás agachadas naquel tempo de miseria, medo e fame, e exhibe un status privilexiado fronte ó resto dos veciños que traballan diariamente a terra.

O contrabandista arrisca canto ten (mercancía, diñeiro, liberdade e ata a vida) polas corredoiras da raia, desafiando as fronteiras territoriais e legais impostas por dous Estados urbanos e alleos á comunidade rural á que el pertence<sup>50</sup>, e só podemos caracterizalo como un *contrapoder de tipo mafioso* (Elorza, 1995: 16) porque aproveita as oportunidades de negocio que ofrecen os dous mercados, compensando o desabastecemento provocado pola xestión pública dos centros de poder estatais. Pero o imaxinario popular demostra que a sociedade lexitima e mitifica a actuación dos *estraperlistas*, algo que non aconteceu con outros 'outsiders sociais' como os beneficiarios da venda de alcohol *metílico* para uso de boca ou cos narcotraficantes actuais<sup>51</sup>. Desafiaba o proteccionismo económico simbolizado nas fronteiras territoriais, cada vez que introducían mercancías, persoas (combatentes portugueses para os republicanos, refuxiados españois e emigrantes portugueses despois) e ideas que atacaban os intereses económicos e políticos das elites que monopolizaban o poder a ámbolos dous lados da raia<sup>52</sup>. Pero esto non xustifica que os investigadores convirtamos en virtude a necesidade allea, idealizando como heroes antifascistas a persoas que xa tiñan problemas dabondo con procurar que comer, determinados pola teima romántica de interpretar o contrabando como exemplo [case único] da resistencia popular ó poder político dos estados totalitarios español e portugués. As análises empíricas realizadas nas comarcas raianas de Galicia e Portugal non amosan 'rebeldías

---

<sup>49</sup> Por iso o persiguen coa mesma saña as autoridades portuguesas e españolas que ven lesionada a súa política proteccionista e de substitución de importacións. A.F. Piedade subliña que "*a regra de ouro da rentabilidade dos contrabandistas da zona da raia, consistía en pasar de Portugal para Espanha o máximo de produtos vendáveis e na mesma viaxem, pasar de Espanha para Portugal igualmente o máximo de produtos vendáveis, maximizando lucros e minimizando os riscos*". Esta autora recolle o testemuño de V.G, agricultor e ex-contrabandista de 86 anos que ilustra ben esta argumentación: "*A gente levava vinho para os espanhóis e trazia panos e carne. Depois quando eles estiveram em guerra, aquilo era uma desgraça, chegavam a não ter nada p'ra comer e era a gente que levava até roupas e peixe seco. Passámos muitas vezes bacalhau, presunto, chouriços, outras vezes eram eles que passavam a fronteira para cá vir buscar comida*" (cit. in Piedade, 1999).

<sup>50</sup> Un antigo garda fiscal recoñecía a súa impotencia, porque en Montalvão "*ajudavam-se todos uns aos outros e os contrabandistas não eram considerados criminosos, eles compravam com o dinheiro deles, não roubavam*", e ela mesma comprobou na súa estadia que "*é ainda muito frequente ouvirem-se nas ruas e cafés da aldeia os relatos das 'aventuras' dos 'heróis' locais: os antigos contrabandistas*" (cit. en Luz, 1999).

<sup>51</sup> O discurso dos miñotos identifícaos como "*homens de bem, geralmente integrados em formas económicas camponesas que são complementadas por aquilo que aos olhos dos Estados é um comércio clandestino, regidos por um código de honra que os assimila e não marginaliza*" (Godinho, 1999). Caracterización que coincide coa do lado galego, porque o contrabandista era alguén que "*andaba para ganhar a súa vida; non era coma agora o narcotraficante, que xa sabes que ó mellor che lle vai facer dano a un fillo teu porque vai meter na droga... Non era o mesmo. ¡Eu non considero aquilo coma o de agora! O de agora é máis perigoso; ademais o estraperlista non era perigoso, que a ti non che iba facer dano ningún. Tu si querías comer ou eso ibalo buscar porque tiñas os cartos e querías comer. ¡Os que non tiñan os cartos tiñan que regañar os dentes! Ou embargar un eido, ou quedar sin a casa como quedaron moitos sin nada*", según lembraba Erusina C. de Quintela de Canedo (Ourense). Sobre o fraude do alcóhol de *metílico* poden verse os informes da *Revista de Economía de Galicia* (1958, 1959, e 1965) ou o ensaio de F. Méndez (1998).

<sup>52</sup> O Estado Novo perfeccionou o Servizo de Fiscalización e Fronteiras dende o comezo da Guerra Civil, para erradicar o contrabando da raia cun éxito limitado e o propio ministro de Economía luso solicitoulle información ás autoridades locais sobre "*...Se esse comércio tem aumentado ultimamente e desde quando... Quais os géneros que são objecto dessa espécie de transacções... Causas que tenham determinado o seu recrudescimento... Lugares por onde é feito o contrabando... Forma de pagamento por parte dos importadores espanhóis... Medidas preventivas e repressivas que V.Exª entenda dever seguir*", Circular nº1541: 1943, Arquivo do Goberno Civil de Évora, Correspondencia recibida, Pt. Confidenciais, 1940/43 (cit. en Fonseca e Freire, 1999).

primitivas' nin 'confrontacións proactivas' en ningún dos tipos de contrabandista, senón que coinciden en apuntar a existencia de dúas modalidades de estraperlo que se poderíamos definir, *latu sensu*, como de supervivencia familiar e profesional ou de negocio coas características que resumimos nos correspondente cadro do anexo.<sup>53</sup>

Os contrabandistas suplián con moita imaxinación a catividade dos seus recursos materiais e relacionais para burlar os controis da fronteira no referente ós medios de transporte, que variaban en función da cantidade da mercancía e dos propios recursos<sup>54</sup>, pero destaca a preferencia polos transportes colectivos (tren e autobús), que convertían en anónimos os paquetes e ceibaban ó seu dono dunha multa que sempre superaba o valor da mercancía apreendida<sup>55</sup>. Moitos ferroviarios e conductores de camións ou ómnibus aproveitaron a súa mobilidade profesional para estraperlar cun mínimo risco, amparados na presunción de inocencia que lles permitía xurar perante o xuíz que descoñecían quen era o dono da mercancía.<sup>56</sup>

O éxito comercial dun estraperlista dependía en boa parte, da súa connivencia coas autoridades, porque a tolerancia ou complicidade da Garda Civil, tinguida de ignorancia moi rentable para eles, era o mellor salvoconduto para os emprendedores contrabandistas, que fomentaban as boas relacións coas forzas de seguridade demostrándolles pecuniariamente as múltiples vantaxes do *laissez faire*, e os uniformados participaban dun xeito ou doutro naquel lucrativo negocio que se resentía especialmente cos seus decomisos e inspeccións inesperadas<sup>57</sup>. Si a colaboración dos gardas non estaba garantida, disfrazaban a práctica do estraperlo co desempeño de traballos ou visitas a familiares do outro lado da raia para evitar as sospeitas dos uniformados e as denuncias dalgún competidor ciumento do éxito alleo que anxeiara ampliar a

---

<sup>53</sup> Bento da Cruz (1996: 152) expresa dun xeito insuperable esta dualidade de 'patrões', ou grandes contrabandistas que dispuñan de capital para investilo na compra de grandes cantidades de mercadoría e contratan 'assalariados' que lles pasen a mercancía na raia, e campesiños que arriscan aforros e liberdade para facer 'pequenos contrabandos' que lles permitan complementar o rendemento familiar e cumprir coa fiscalidade estatal (Fonseca e Freire, 1999), cando afirma que "*o contrabando (un contrabando pataqueiro de alpargatas de corda, pana, boinas, chapeus de palla, cigarros, navallas, ovos, pan, aceite, mistos e cousas desta clase) feito nun sentido e noutro [da raia portuguesa] segundo o cambio, non era considerado crime ningún senon un xeito de vida coma outro calquera. Un xeito de vida estragado e mal pago... Entre os contrabandistas habíalos profesionais e afeccionados, xeralmente labregos...*". Os estraperlistas 'profesionais' dedicábanse ó café e mercaban a colaboración das autoridades fronteirizas, polo que eran excepcionais decomisos como o de 32 lingotes de ouro cun peso de 8 kg. e 1.100 \$ en Ponte Barxas (*La Región*, 17-1-1946).

<sup>54</sup> Empregaban camións con dobres fondos ou outra carga legal (cadaleitos, caixas de peixe ou cisternas de viño que voltaban cargados de café dende Portugal), 'coches de liña' que tiñan a súa mellor clientela nos estraperlistas e se adaptaban ós seus horarios, burros mensaxeiros que percorrían eles sós o camiño levando a carga ó outro lado da raia, porteadores autónomos ou contratados que levaban os sacos ó lombo, mulleres que agachaban no propio corpo os obxectos contrabandeados e nenos que se empregaban como 'correos' da mercancía. A ganancia dos que participaban no negocio era proporcional ó capital investido ou ó risco que corrían: as *galdrucheiras* pasaban a mercancía por 5 pts. e o guía portugués recibía 20 pts. polo seu coñecemento das rutas seguras (Piedade, 1999; Martínez-Risco, 1999).

<sup>55</sup> Realizáronse no ferrocarril 39 das aprehensións estudadas por Martínez-Risco (1999), 12 en coches de liña e 2 nun garaxe público. As lembranzas de L.D.P.T. recollidas por este autor ilustran o *modus operandi* destes estraperlistas: viaxaba regularmente co seu marido dende Lugo ata Ribadavia en tren, para fornecerse de café e outros xéneros que escaseaban naquela altura e que tiñan como destino final Asturias, pero nunca iban xuntos para evitar a captura dos dous e logo dunha detención do home en Monforte, comezaron a recibir a mercancía en Lugo a través dos contactos que xa estableceran entre os ferroviarios. Agachábase na corte ou fora ata levala en autobús para vendela nas feiras.

<sup>56</sup> Tal fixeron os 4 mozos de corda, 1 de ferrocarril e un revisor de autobús sin que poidera demostrarse a súa culpabilidade (Martínez-Risco, 1999).

<sup>57</sup> Un panadeiro do Baixo Miño lembra que "*cociamos a fariña de estraperlo e así que lle abrimos a porta ao forno os primeiros en vire eran os ghuardias. Cunha peseta viñan buscar unha barra de pan... Vendíamolas a des, pero eles traían unha peseta e levaban unha barra de pan*" (cit. en Rocha, 1999). E un comerciante de Ribadavia que abastecía de café ós clientes de Barcelona, Bilbao e Lugo aclara que "*nos traballabamos moito porque tiñamos a Garda Civil paga e gañabamos entre 10 e 15 pesetas quilo, ás que lle tiñamos que restar a peseta da Garda Civil... Eles sabían cando chegaba o café, viñan de paisano e contaban os sacos, facían a conta, pagábamos e marchaban*". Peaxe que non o ceibou ó cabo porque "*a última vez que me pillaron estábamos cargando 600 quilos no dobre fondo dun coche cun funil para levalo a Barcelona*" (Martínez-Risco, 1999).

súa cota de mercado<sup>58</sup>. Procuraran anticiparse á aparición dos uniformados para minimizar os riscos e as perdas<sup>59</sup>, ou negaban toda relación coa mercancía apreixada para evadir o pago das multas que non se correspondían coa cantidade contrabandeada e recaían no transportista da mercancía cando o seu destinatario era alguén ben relacionado.<sup>60</sup>

## 2.- Os produtos e os camiños do estraperlo.

A tipoloxía dos produtos contrabandeados na raia durante a posguerra, viña determinada pola demanda, pero semella que predominaba o pequeno comercio fronteirizo de supervivencia que exercían as familias máis pobres para complementar os ingresos procedentes da actividade agrícola ata que se abriu o novo ciclo migratorio dos anos cincuenta, según conclúen os estudos realizados en Río de Onor (Dias, 1953; Brito, 1988), Tourém (Lema, 1978), o Alemtejo (Afonso, 1999) ou Montealegre (Godinho, 1995) que resumimos no cadro que segue:

---

<sup>58</sup> Abundan os casos como o da lavandeira que pasou contrabando entre España e Portugal durante máis de 30 anos porque tiña clientes nos dous lados da fronteira, ou o home que pasaba a raia en bicicleta para traballar como xornaleiro en España e voltaba sempre cunha bicicleta da mesma cor e coa mesma matrícula pero máis vella (Piedade, 1999). Pero as actas dos xuízos por aprehensión só recollen 3 casos de denuncias de particulares e o acusado foi absolto en dúas delas ó demostrarse que a delación se debía a unha vinganza persoal. L.D. lembraba que foi denunciada por outra muller que ela mesma introducira no seu negocio: "*Fíxose amiga da Policía pra subir, dáballes comilonas e regalos e acusou a uns e a outros. A nós avisounos o do coche de liña*" (Martínez-Risco, 1999).

<sup>59</sup> Disparan salvas de foguetes para alertar da chegada da Garda Civil á vila (Rocha, 1999); os conductores dos camiños fuxen e denuncian logo o roubo do camión aquela noite para recuperalo sin pagar a multa (Martínez-Risco, 1999); os dous autobuses nunca coñecen ós donos dos bultos ou paran antes de onde se apostara o control da Benemérita para que os seus pasaxeiros rodeasen a pe coa carga e subisen de novo na zona segura; os contrabandistas raianos facían o camiño por etapas agachando a mercancía en buratos ata comprobar que xa pasaran os gardas fiscais e cando aparecían estes, fuxían abandonando a carga para evitar as multas (Fonseca e Freire, 1999); e as caravanas que volvían cargadas de centeo, trigo e millo de Rodeiro levaban exploradores para comprobar que o camiño estaba despexado e contaban con refuxios seguros para agocharse eles e a carga en Carballiño e Ribadavia según apuntaba Purificación R. Á. de S. Cristovo de Cea: "*o estraperlo era bo negocio si non te pillaban os guardias que entón quedabas sin carga; botábanche unha multa e tiñas que levarlla a Chantada. A min colléronme sin carga e tuvéronnos todo o día retidos. Iba un rapaz da Peregrina que era a primeira vez que salía, cos cartos prestados de comprar un burro e da carga porque o pai tiñalle leucemia e él collérono con carga; chorou a sete chorares e dixolles que o deixaran que o pai tiñalle leucemia e lles cumpría para comer pero leváronlla igual para Chantada... Eu vin vir un dehi de Garabás e subinme a unha parede para que se dese conta que pasaba algo... Metéulle a navalla as reatas dos sacos, rompeu todo, escapou e non o puderon coller... Outra vez estuven en Dacón unha mañá escondida nunha corte cas bestas porque nos avisou unha señora que pasaran os guardias*"

<sup>60</sup> Os grandes empresarios detidos por actividades relacionadas co contrabando adoitaban ceibarse das multas, como fixo o dono dunha metalurxia ourensá, que foi detido en 1942 por contrabando de 3.532 quilos de estano no dobre fondo dun camión. Pero multaron con 6.833'95 pts. a unhas mulleres que levaban 3 quilos de cepillos de dentes, con 825'73 pts. a un transportista de Randín que traballaba para un empresario de Barcelona que só tivo que aprontar 290'96 pts. e a razón de 1.186'78 pts./quilo ea outro transportista detido con sacarina de contrabando pola que recibía 50 pts./quilo do industrial asturiano para o que traballaba (Martínez-Risco, 1999). As *galdrucheiras* multadas ó seren detidas coa carga emigraban ata que pasasen os cinco anos de prescrición da sanción (Rocha, 1999).

Cadro 1: O CONTRABANDO CON ESPAÑA NA RAIA PORTUGUESA					
PERÍODO	PRODUCTO	MONTALVÃO no ALEMTEJO		SENDIM en MIRANDELA	
		ESPAÑA>PORT.	PORT.>ESPAÑA	ESPAÑA>PORTUGAL	PORT.>ESPAÑA
Ata 1936	Colchas de Damasco, toallas, gando, vaixelas de porcelana e esmaltadas, pratos irrompíbeis de cristal e roupas		Diñeiro e café		
Dende a Guerra Civil ata os anos 1950	1ª. necesidade	Trigo, caldeiras, touros e bois, morteiros, alpargatas e <i>bombazines</i>	Pan, fabas, azucar, embutidos, xabrón, gando, roupas e ajuar de cama,	Cereais panificables, arroz, gando e ferramentas de labor, tecidos (pana), coiros e alpargatas	ovos, vacas e ovelas, xabrón, cordas e madeiras
	para as festas	botellas de anís, vaixelas e tabaco	Peixes e café Touro e Torra	peixe seco, melocotón en conserva, chocolates e caramelos	café, bacalao, atun e sardiñas
	suntuarios			caxatos, boinas e faixas para a cintura	
1950-1960				emigrantes portugueses para Europa	tabaco, café e tecidos de algodón
Anos 1970	industriais			neumáticos, pratos de cristal, plásticos, pantalóns de liño e algodón, perfumes, artigos de droguería	bronce, coitelaría, porcelana chinesa e de Vista Alegre, roupas brancas de algodón
Anos 80				automobéis	aceite e viño

FONTE: elaboración propia a partir de Afonso (1999) e I. Luz (1999).

NOTA: *Bombazines* son pantalóns de liño e algodón.

As Actas de Apreensión e dos xuízos realizados na Delegación Provincial de Facenda de Ourense nos anos 1940-1944, que estudou L. Martínez-Risco (1999), infórmanos do lugar e pormenores da captura, sexo, nome e orixe do reo, cantidade e prezo da mercancia incautada, valor da multa e da subasta, corroborando moitas das intuicións que nos suxerían a memoria oral dos coetáneos: a coexistencia dun pequeno contrabando de subsistencia, no que predominan as mulleres, fronte a outro contrabando 'profesionalizado' ou de gran escala, que levaba camións de café ou wolfram á Francia ocupada dende Portugal, e que estaba controlado por homes ben relacionados co poder, ou o predominio dos produtos de primeira necesidade pola extrema necesidade da poboación.<sup>61</sup>

<sup>61</sup> Tódolos entrevistados nas comarcas de máis contrabando da provincia ( 9 na Limia, 5 no Ribeiro, 4 en Allariz, 3 en Celanova, 1 en Vilardevós, 1 na Teixeira e 1 en Maceda) sinalan a procedencia portuguesa dos produtos estraperlados que se destinaban ó autoconsumo (trigo, millo, fabas, centeo e patacas, telas, fíos e roupas, aceite, azucre, xabrón, gando, bacallau, sulfato, sementes e gas), ou á venta posterior con grandes beneficios (wolfram, café, cobre, tabaco, pedras para mecheiros, armas e cornello para menciñas). Os comentarios recollidos nas *Actas de Apreensión* reforzan esa imaxe de miseria extrema da posguerra: exculpan ó posuidor dun unto apreendido porque o seu estado amarelo e rancio ó non estar afumado debido á falla de leña demostraba a procedencia 'nacional' do mesmo (Martínez-Risco, 1999). Realizáronse 1.808



CADRO 2: APREHENSÍONS DE CONTRABANDO EN OURENSE: 1940-1944		
PRODUCTOS APREHENDIDOS	APREHENSÍONS	
	TOTAL	%
Tábaco	1.344	39,6
Alimentos	763	22
Textil	710	20,7
Gando	216	6,3
Minerais	108	3
Combustible	11	0,32
Diñeiro	60	17
Ferretería	150	4,3
Droguería e menciñas	108	3
TOTAL	3.416	100

FONTE: elabora propia a partir de Martínez-Risco (1999) que só rexistra os datos do 1º. trimestre de 1943 e de maio ata agosto de 1944.

Apenas se detectan diferencias significativas no tipo de mercancías estraperladas según a zona de aprehensión<sup>62</sup>. Os detidos proceden maioritariamente das zonas fronteirizas e sobre todo, da área do Ribeiro que é tamén na que se realizan máis aprehensións de contrabando como demostra o cadro que segue:<sup>63</sup>

---

xuizos por aprehensión de contrabando neste período, 488 deles sen reo. Foron declarados culpables 1.129 e absoltos 191 dos 1.320 reos encausados (874 homes e 466 mulleres).

<sup>62</sup> As de wolfran procedente de Portugal concéntranse lóxicamente, nos municipios limiaos de Baltar e Calvos de Randín, debido á proximidade das minas de Borralha en Montalegre. O wolfran e demais minerais decomisados non se subastaban senón que se entregaban ó Consejo Ordenador de Minerales de Interés Militar. Outro tanto se facía co tabaco e co combustible que pasaban á Compañía Arrendataria de Tabacos e á CAMPSA.

<sup>63</sup> A vila de Ribadavia contaba con máis de 40 tendas para abastecer ós 6.000 habitantes da comarca ou redistribuir a mercancía, que era o que facían unha mancha de *galdrucheiros* dedicados ó contrabando doméstico do café traído de Portugal, pese ás dificultades orográficas e á ausencia de redes microsociais para cruzar a raia comparables ás que existían na Baixa Limia.

CADRO 3: DETENCIÓNS POR CONTRABANDO, OURENSE, 1940-1944				
COMARCA	CONCELLO	DETENCIÓNS		
		TOTAL	SIN REO	Nº. de REOS
ALLARIZ-MACEDA	Total comarcal	9	2	12
BAIXA LIMIA	Total comarcal	125	32	118
	<b>Lovios</b>	<b>54</b>	<b>18</b>	<b>54</b>
A LIMIA	Total comarcal	89	50	40
O CARBA-LLIÑO	Total comarcal	18	7	42
OURENSE	Total comarcal	279	26	203
O RIBEIRO	Total comarcal	315	166	266
	<b>Padrenda</b>	<b>222</b>	<b>136</b>	<b>138</b>
CALDELAS	Total comarcal	4	-	3
CELANOVA	Total comarcal	96	35	123
TRIVES	Total comarcal	1	-	3
VALDEORRAS	Total	37	14	35
	<b>A Rúa</b>	<b>14</b>	<b>10</b>	<b>7</b>
VERÍN	Total comarcal	259	153	177
	Verín	146	84	73
	Vilardevós	32	26	14
VIANA	Total comarcal	40	17	24
Total de Ourense		1.267	487	1.046
RESTO de GALICIA	A Coruña	-	-	24
	Lugo	2	-	64
	Pontevedra	43	-	51
	Total	45	-	139

FONTE: elabora propia a partir de Martínez-Risco (1999).

O aumento das aprehensións dende 1936, explícase pola multiplicación dos controis policiais a ámbolos dous lados da fronteira para evitar o tráfico de exiliados primeiro, e *guerrilleiros* e porque a carestía ou simple inexistencia de produtos básicos aseguraba a demanda para os produtos estraperlados e uns altísimos beneficios que compensaban o endebedamento para entrar no negocio e os riscos derivados dunha intervención policial.<sup>64</sup>

<sup>64</sup> Un veciño de LDPT que estaba de servizo no exército "dixome 'Teño catro sacas de café e non sei cantas de azucre, ¿quérelo?... Eu díxenlle 'mira aínda caín o outro día e non teño un peso'... Fun polos cartos onda unha prima miña que era moi rica e paguei catro sacas de café e catro de azucre... Vendín todo ós dous días na feira en Meira e xa me quedaron cartos para comer e máis para volver outra vez" (cit. en Martínez-Risco, 1999).

### 3.- Os negocios e o poder: grandes estraperlistas, funcionarios corruptos e políticos do réxime.

O recurso ó estraperlo foi o fenómeno máis omnipresente da posguerra de *medo e fame*, para compensar a fracasada intervención económica do Estado franquista, a través duns mecanismos de racionamento e entrega forzada de produtos que resultaron dobremente lesivos para a poboación, porque espallou a fame e os privilexios arbitrarios dos sectores dominantes no franquismo a nivel estatal e local cando se trataba de establecer os cupos de entrega obrigatoria a precio de taxa ou repartir os produtos racionados para o abastecemento da poboación (García, 1993: 48 e 59-61).<sup>65</sup>

O resultado foi unha espiral viciada de maior intervencionismo para contrarrestar o aumento do mercado negro e do fraude, ou xustificar alomenos a existencia dos organismos creados a tal efecto, que se caracterizaron pola catívez de medios, a corrupción rampante e a falta de flexibilidade para adaptarse ás demandas da economía como demostra o feito de que a venda clandestina de trigo superase á efectuada por canles legais durante os anos corenta<sup>66</sup>. A existencia e dimensións deste mercado paralelo, como un espacio de interacción económica e social das estratexias reproductivas desenvolvidas polos diferentes grupos domésticos campesiños e as elites rurais, beneficiou especialmente ó persoal político do Réxime que exerce o monopolio dos recursos do poder para enriquecerse mercantilizando a fame da poboación<sup>67</sup>. Pero tamén se beneficiaron todos aqueles individuos que dispuñan de recursos financeiros ou relacionais para comerciar no mercado negro, como eran os grandes produtores ou os donos de panaderías e establecementos que repartían os alimentos de taxa.<sup>68</sup>

A grande vítima foi o conxunto da sociedade, porque a intervención económica viciou o mercado e desincentivou a inversión modernizadora ó frear a maquinización e alterar o prezo dos

---

<sup>65</sup> As Centrales Reguladoras de Productos Agrícolas fixaban os cupos de cada produto de entrega obrigatoria a prezos de taxa para cada concello cos informes da Sección Agronómica respectiva, e de acordo cos rendementos medios de produtos intervidos (feixóns, patacas, centeo, trigo e millo). Despois a Xunta local de Informacións Agrícolas formada polo alcalde, xefe local de FET, secretario do concello e 3 agricultores, repartía ese cupo entre as parroquias onde finalmente, outra xunta parroquial integrada polo alcalde de barrio, o mestre e o párroco as repartían entre os veciños, con toda a panoplia de amiguismos, vendetas e arbitrariedades a que este sistema daba lugar. Aplicábanlle en teoría, as táboas de rendementos previstos ás declaracións de superficie, establecendo para cada produtor, un cupo de entrega forzosa ó S.N.T. a prezo de taxa, unha cantidade para autoconsumo familiar a 125 kg. de cereal por persoa, unha reserva para semente e o cupo excedente que podía venderlle ó Estado cun sobreprezo sobre o de taxa, pero sempre inferior ós do mercado negro.

<sup>66</sup> As propias autoridades recoñeceron o agachamento masivo de colleitas e a súa comercialización clandestina nas publicacións do S. N. T. E, en Ourense, "*se formó en el Polvorín un gran mercado, porque ya era fuera del límite de arbitrios del ayuntamiento. ¡Ese mercado fue precisamente el que quitó el hambre a la ciudad! El gobierno decía que no era legal y hubo un momento de máxima pujanza que quisieron quitarlo, pero de hecho, la población se abastecía, si no era con pan de trigo, era centeno. Comimos y se palió el hambre. Pero entonces el obispo Cerviño, que murió en el cuarenta y siete...; era un hombre muy honesto y muy querido del pueblo... saltó en defensa del pueblo diciéndoles que no podían hacer eso porque era lo que paliaba el hambre a la ciudad*", extraído da memoria de vida de J. Tibiraos.

<sup>67</sup> Antonio Bernárdez e Miguel Cabo (1996: 124 e nota 19) ofrécennos un exemplo paradigmático do nepotismo e corruptelas xeneralizadas no Estado franquista no caso de Ricardo Escuriaza, prototipo de 'hombre de orden afecto al Régimen' que asumiu a Presidencia da Cámara Agraria de A Coruña e a Jefatura del Sector Campo da Vicesecretaría de Ordenación Económica de F.E.T. e lle pediu ó alcalde de Padrón a entrega de telas a cambio de conseguirlle a celebración dun curso de poda e a obtención de plantóns de frutais para crear un viveiro.

<sup>68</sup> A discrecionalidade para vender por litro o aceite que lle sumistraban por quilo e manipular as cantidades e medidas só se vía superada polas posibilidades de misturarlle á fariña substancias expúreas, escaparlle ó peso das pezas, ou desviar parte do racionamento ó mercado negro como lembran os coetáneos: "*Beneficiáronse os que traían a taxa; por exemplo ise G. de Ribadavia e o don T. da farmacia que eran os jefes de Falange nesta comarca, mandábanlle eles a taxa e acaparou o sulfato que era de taxa. Meu sogro apuntara 200.000 litros e resulta que foi buscar o sulfato de taxa e dábanlle tres quilos a 3 pts. Entón marchou a Vigo e trouxo un saco de 100 quilos a 63 pts. o kilo e ise fulano que lle viña o sulfato de taxa do Estado en vez de darllo á xente estraperlábao e entón despois puxo almacéns e agora os fillos están millonarios... Había un forno en Ventosela e tocábase a 200 grs. cada fulano e elí collíamos a taxa que nos pertencía de azúcar, de aceite e de todo. Formábase unha cola horrorosa para coller a taxa e despois resulta que ises fulanos dos fornos que facían o pan, por ganar botábanlle fariña de fabas ou doutra cousa que hasta lle botaban xeso ó pan...*", extraído da memoria de vida de Antonio V. I. de San Andrés de Camporredondo (Ribadavia).

inputs agrarios (Moreno, 1994: 156-157 e 333). Os efectos negativos da autarquía foron aínda máis graves no caso de Galicia, debido ás peculiaridades da súa agricultura que non lle interesaron ás novas autoridades cando esgotaron a cabana gandeira para alimentar ós exércitos na guerra civil (Fernández Prieto, 1993): prohibiron empregar o millo como forraxe (Cabo Villaverde, 1999: 420) e elixiron ó sector forestal de Galicia para producir a madeira que antes se importaba<sup>69</sup>.

O establecemento de míseras racións, insuficientes para cubrir as necesidades alimenticias máis elementais da poboación<sup>70</sup>, converteu ó mercado negro no escenario de confluencia necesaria das estratexias económicas dos dous sectores nos que se polarizou a sociedade da posguerra. As camadas populares recurren ó comercio clandestino forzados pola necesidade de matarlle a fame á familia ou mercar o cereal para satisfacer o cupo de entrega forzosa, porque non dispuñan de amigos influentes que os protexeran á hora de establecer os cupos (Moreno, 1994: 160 e 334)<sup>71</sup>. As elites rurais e funcionarios das máis variadas esferas administrativas, contaban cun poderoso instrumento de coacción social sobre a poboación e optimizaron as súas oportunidades de acumulación capitalista mediante o acaparamento, a ocultación e a ulterior comercialización a prezos de estraperlo<sup>72</sup>. Reafirmamos xa que logo, que resulta tan optimista como carente de fundamentación empírica, esa interpretación da participación forzada da poboación nas redes do mercado negro como unha forma de contestación social á política económica do franquismo. É optimista de máis porque as familias campesiñas que agachaban parte da colleita, para ceibala da expropiación forzosa a prezo de taxa e vendela logo ó mercado negro, só pretendían 'gañar algo' que lles permitise sobrevivir. Outra cousa é que esta actividade mercantil fose, ó mesmo tempo, unha forma de desobediencia civil

<sup>69</sup> Esta política forestal rachou o equilibrio agroecolóxico daquela sociedade rerrualizada, na que os labregos roturaban os montes e as terras marxinais, para producir máis cereal co que alimentar as súas familias ou satisfacer a demanda espectacular no mercado negro: *"eiquí desde que acabou a guerra hasta se cultivaron os comunales dos pueblos, botámoslle ós comunales centeno e patatas. O goberno prohibiuno pero tuveron que cederllo ós paisanos porque morriase de fame; todo o mundo tiña que ir romper un pedazo de comunal para ter trigo e centeo... íbase con petas a facer bouzas e deciamoslles ¡Pois vinde vós defendelo!. Formábase outra guerra porque o pueblo con permiso e sin permiso tivose que botar a romper terras comunales, para sacar a fame das casas e o goberno se calló la boca e deixou romper...".* Extraído da memoria de vida de Gonzalo R. P. de Alongos (Toén, Ourense). A figura legal do *consorcio* dos montes entre os concellos e deputacións co Patrimonio Forestal Español encubriu unha expropiación sin compensación que privou ós veciños dos tradicionais dereitos de xestión comunal do monte. Os labregos despoixados reaccionaron legalmente nos xulgados e destruíron plantacións en Lugo e Ourense dende mediados dos anos corenta (Rico Boquete, 1995 e 1999). Perderon case sempre, e emigraron na década seguinte, pero a memoria daquel expolio perdurou e os piñeirais "da Forestal" comezaron a arder moitos anos despois.

<sup>70</sup> O Decreto do Ministerio de Industria y Comercio do 28-VI-1939 asignaba a seguinte ración semanal para un home adulto (80% para as mulleres e maiores de 60 anos e 60% para os menores de 14): 400 grs. de pan, 250 de patacas, 100 de legumes secas, 50 de aceite, 10 de café, 30 de azucre, 125 de carne, 25 de touciño, 75 de bacalao e 200 de pescado fresco (Moreno, 1994: 111). A situación tería mellorado a mediados da década como reflicte o racionamento oficial semanal de Ourense (*La Región*: 8-XII-1945) para adultos e nenos: 1/4 l. de aceite a 1,45 pts; 200 grs. de azucre a 1 pts; 2 kgs. de patacas a 1,70 pts. As narrativas orais da experiencia vivida indican que este tubérculo permitiu unha mínima alimentación nas zonas rurais nos peores anos da *fame*. As racións normais que se distribuían en Viena na posguerra eran de 2.000 calorías e entre 500 grs. ata un quilo semanal de pan por persoa en 1944 (Bandhauer, 1999: 115 e 121).

<sup>71</sup> A experiencia de Celso López de Xanxiago (Amoeiro, Ourense) ilustra ben este particular: *"eu fun polo fruto e polas mariñas para a semente alá por riba de Oseira detrás da Martiña. Eu tiña as vacas a medias e cumpríame o fruto... Os veciños falamos de ir polo fruto á feira a Ribadavia; eu fun onda un fulano a ver si me emprestaba 20 pesos, pero díxome que alá non iba facer nada porque viñan os de Vigo e da Ribeira e menos de dez réas non facía a libra, que me facía il con fruto a 2 pesetas. Entonces busquei cartos, fun onda outro fulano pedirle cen pesos, fun a Silvaboa por detrás da Martiña e trouxen doce ferrados a 2 pts... Prá outro día xa fomos por enriba de Oseira a Confurco, trouxen 8 ferrados para a miña sogra e para min trouxen doce... Ofrecinllo ó meu irmau e dixo: ¡Hui, teno meu cuñado a 6 réas que trata con il e logo fôino comprar a Lalín... E miña cuñada foi por il a Cabana, elí onda Povoadura a 27 réas e eu tróuxeno todo a 2 pesetas... Había contrabandistas que estraperlaban co millo e co centeo; traíano praiquí dalá da montaña de noite".*

<sup>72</sup> O propio Antonio V. I. lembraba que *"como había fame ises grandes que collían a 500 moios de viño e traían 7 ou 8 xornaleiros, pero ó mellor presentábanse 9 ou 10; enión din que lles tiraban as aixadas, a ferramenta para traballar. ¡Ah, pero o que non a collía xa non podía traballar!... Porque resulta que a fame era moita e entonce o millor si acaso un fulano se quixera casar cunha rapaza, tiña que ir pedir traballo antes onda un señor dises e resulta que lle decían: ¡No pero xa me veñen por 2 pts!. Si Vde. me ven por 5 réas entonce si!. Era esi a fame".*

que desafiaba eficazmente a represión estrutural mantida polos sectores adictos ó réxime (Moreno Luzón, 1991: 541-543; Fernández Prieto e Hervés Sayar, 1995:98-99), e que se pode interpretar como un mecanismo de resistencia campesiña amparada nun individualismo doméstico de baixo risco, aplicando os modelos xa clásicos noutros ámbitos espaciais e historiográficos (Scott, 1985 e 1986; Cruz Artacho e González de Molina, 1993).

Outro tema de interese é a forte presenza da muller nas redes do contrabando, aínda que esta se limite case sempre, ó de produtos de subsistencia e a pequena escala. O *paradigma da mercantilización* defende a existencia dunha *economía feminina* baseada no mercado negro, que integrou ás economías campesiñas nese mercado informal pero real e forzou un axuste laboral no que cobran especial protagonismo as mulleres que efectúan desprazamentos comerciais de radio curto (Dominguez Martín, 1996: 38 e 225; Nash, 1991; Scott & Tilly, 1973). Esa presenza feminina nas redes do mercado negro explícase porque a ética de subsistencia campesiña o asume racionalmente como un recurso máis para a supervivencia familiar ó que poden dedicarlle o excedente de man de obra -incluídas as mulleres da casa-, cando non existe unha alternativa migratoria<sup>73</sup>. Non esquezamos que a **necesidade** é a explicación máis recorrente das entrevistadas para explicar a súa participación nas redes do extraperlo, asumindo un xogo económico que condenaba á fame ós veciños que non dispuxeran de recursos para actuar no mercado negro<sup>74</sup>. Semella que interiorizaban esta situación de flagrante desigualdade social cunha mestura de aceptación forzada e optimización racional de calquer oportunidade para participar no comercio de estraperlo.<sup>75</sup>

A defensa do benestar material dos seus administrados non era prioritaria para a elite política local do franquismo, que estaba máis interesada en beneficiarse comercialmente daquela institucionalización da fame. As Hermandades Sindicais criticaron a política intervencionista do

---

<sup>73</sup> Purificación R. Á. de Castrolo (San Cristovo de Cea, Ourense) empezou "ós 17 anos porque meu pai andaba nas feiras e despois xa non podía ir a todos os sitios e cumpríannos os cartos porque tiñamos cinco vellos na cama; viñalles todas as semanas o médico, e meu pai non daba ganade para soste o gasto que había na casa naquiles tempos.... Meus irmaus cumprían para traballar na casa; eu tamén cumpría, pero como quedaba miña nai e miña abuela que daquela inda podía algo, dediquéime eu ó estraperlo". E Erusina C. contábanos o caso doutra veciña de Quintela de Canedo (Ourense) que "tiña un irmau guardia que estivera na fronteira e anduvo algo no do café... Nunca se lle soupo esí declaradamente e esa non cho di. ¡O café de Portugal quedou sendo un estraperlo moi grande!... As panadeiras de Cea traían o pan de noite porque tiñan que vendelo agachado; elas chegaban e xa tiñan outros enlaces para vendérenos porque si as collían decomisábanllo... A miña tía Renola iba a Barcelona no tren envolta cos soldados; botaba ó mellor tres días e pico para chegar alá e facía as súas compras porque chegaba a sitios que aquilo todo fora embargado... Traía os géneros que podía para vendelos e aquí... Pagábanllo polo que iles pedían, porque non o había, que a tía abuela e outra señora inda anduveran despois e aquí polos poblos vendendo nos géneros, porque a xente non había con que se vestir que xa había que facer roupa de sacos, que os iban buscar onda a miña tía ou onda outra que fora máis espabilada e os fora buscar alá e xa lle ganaba o seu tal e elas despois e aquí viñan ganando unha miseria. ¡Pero como a falta era moita, había que andar por ises sitios!". As "chairs" meridionais de Lugo eran o lugar de aprovisionamento de cereal (véxase mapa adxunto). Entrevistado por M<sup>a</sup>. Sonia Rodríguez Iglesias, J.A.S. de Brigos (Chantada) lembra que: "Había moito estraperlo; viña xente de Ourense e da Ribeira en bestas polas casas dos labregos buscando millo e grao e pagábannolo mais ca nas feiras; levábano ás zonas que pasaban fame".

<sup>74</sup> A experiencia de Isolina F. V. (Parada de Amoeiro) é esclarecedora: "meu marido estaba enfermo e iba onda o Varela, que era especialista do pulmón e cumpríalle penicilina que había que ir buscala a Portugal... Meu pai vendía castiñeiros, vendía viño e becerros e dábame cartos para coidalos, pero non podíamos seguir esí... Fui onda o sr. abade para que me deixara cartos, pero díxome que levara ó meu pai de fianza...Entonces había tres ou catro señoras que empezaban a traficar con azucre, arroz, fariña e aceite... A unha matáranlle o marido na guerra e quedou con 5 fillos... Entonces fui onda ela e empecei andando neste por necesidade. ¡Touxe 20 kilos de azucre e 10 de fariña a cabeza desde o 'Alambrista' da Cima da Costa e fómolo vender a Sta. Cruz!... Eu tiña empleado todo o diñeiro que iba gañando".

<sup>75</sup> Segundo Erusina C. "quen comían eran os ricos e os políticos, que eran os que distribuían os cupos e os outros regañábanos os dentes!. Daquela tiñannos unha cartilla de racionamento e a ti dábanche medio kilo de azucre pro mes; non sei si era medio litro de aceite e non sei que racionamento de pan; o panadeiro de Quintela en vez de dar a ración como debía, xa lle viñan outros estraperlistas que levaban as sacas da fariña prautro lado; vendían as sacas de fariña e quedabas xa sin o pan da ración aquí mes... Despois un de aquí de Palmés fixo un forno para coller as racións do Castro, de Palmés e de todo por ehí e díxome a mín a irmá que naquiles tempos, tiñan días de marcharen ás fariñas e quedaren a catorce mil pesetas na casa. Naquiles tempos que fáloche de hai corenta e pico anos, eso era o estraperlo e podían facer estes que andaban camuflados porque quen o compraban eran os dos cartos, os políticos e os ricos".

Estado, solicitando a liberalización dos produtos agrarios intervidos e un maior control para os insumos agrícolas que elas repartían (adubos químicos e sulfato de cobre principalmente) porque as institucións e empresas privadas non lles entregaban as cantidades establecidas e desviaban boa parte ó mercado negro<sup>76</sup>. Así, o celo que demostraba a *Sección de Estadística y Racionamiento* na burocratización da fame depurando o censo de cartillas de abastecemento, chocaba moitas veces coas tácticas dos funcionarios locais que incluían nos censos ós defuntos, militares emigrados e cidadáns de dereito residentes noutros concellos para aumentar o cupo de alimentos a recibir.<sup>77</sup>

A memoria popular e as denuncias de corrupción na prensa, aportan unha mancha de exemplos de enriquecemento rápido daqueles individuos ben relacionados coas instancias de poder. O alto grao de discrecionalidade nos distintos niveis de decisión multiplicaba as oportunidades de corrupción funcional en tódalas escalas da administración. Moitísimos alcaldes e xefes sindicais foron collidos *coas mans na masa* -máis concretamente no aceite, no sulfato ou na fariña-, pero que fosen destituídos ou multados non dependía tanto da gravidade da infracción cometida como da súa posición nas redes de poder ou dun enfrontamento indesexado coa superioridade. Ilustran esta arbitrariedade nas sancións, os casos dos alcaldes de Baralla<sup>78</sup>, da Peroxa<sup>79</sup>, ou de Amoeiro que levaba anos desviando sistemáticamente boa parte do racionamento ó mercado negro en Vigo.<sup>80</sup>

---

<sup>76</sup> Conclúen na 3ª Asamblea Nacional (1953) que se debía "solicitar de nuestro gobierno que se adopte el régimen de libertad de precio y circulación para todos los productos agropecuarios y forestales, salvo los cereales genuina y tradicionalmente panificables, en los cuales en tanto sea preciso el régimen de intervención, los precios serán suficientemente remuneradores... Como consecuencia lógica de la libertad de precios y circulación de productos solicitadas en la conclusión primera, procede la inmediata supresión de los organismos interventores de los productos agropecuarios y forestales" (cit in Christiansen, 1999: 232). Non se trataba dun ataque ó réxime franquista, senón dunha crítica ás consecuencias da política de intervención, que agachaba unha loita de poder entre sectores dos aparatos franquistas que competían entre si para mellorar o seu poder económico e sociopolítico a través das canles políticas e administrativas que eles controlaban (Christiansen, 1999: 241). A participación dos cadros de Falange no estraperlo obrigou a Arrese e enviar ó Secretario Nacional de Justicia y Derecho para investigar as causas daquela escandalosa situación que provocaba loitas internas na agrupación de Lugo en nov. de 1942. O Xefe Provincial de Falanxe na Coruña, Diego Sala Pombo, elaborou un *Estudio sobre la organización del Movimiento en Galicia* no que sinala a incapacidade de FET para acadar presenza no rural galego.

<sup>77</sup> José Andrade Usatorre, secretario da Hermandade e do concello de Beade naqueles anos e gran difusor do sulfato e dos motocultores no Ribeiro, lembraba así a súa experiencia: "estando eu de secretario do aiuntamiento de Carballeda de Avia. Levábamos unha relación da poboación e das cartillas de racionamento; entón eu facíame ver pola Delegación de Abastecementos e Transportes e levando máis dun garrafón de viño cheguei a conseguir máis racións que habitantes había. Porque detrás daqueles cantamañanas estaba a Fiscalía de Tasas que non deixaba nin movernos, porque había moito ladronicio nos aiuntamientos e a Fiscalía andábanos encima ós secretarios. Entón así como noutros aiuntamientos estraperlaban a metade, eso a min servíame para facerlle favores á xente... Había desplazamentos... Moita xente marchárase fora e claro, non necesitaban a ración; como aquilo non estaba controlado, inflabas o censo e despois decíalle ó médico que me dera unha lista e repartíamolle o que sobrava ós enfermos a precio de taxa.... Alá polo ano 1948 ou 50 eu estaba desempeñando as funcións de secretario da hermandade de Beade... Era a época das cartillas de racionamento; todo a base de cupos que mandaban do Gobierno Civil... E como eu estaba na hermandá tiña que facerlle o reparto ós asociados por moios ou por terra; era moi conflictivo porque había moitos chanchullos. ¡En algunha hermandá por aí podían ir a cárcel todos, porque cada cual aproveitábase o que podía!... Si recibían 10.000 kilos repartían cinco ou seis e o resto repartían baixo cuerda, como facían os forneiros quedándose cas sacas de fariña e decindo que xa se terminara porque gran control tampouco había... En Ourense catro fixéronse ricos a conta de quitar do sindicato e levar para vendelo a precios fora do legal". E Ramón Pulido, alcalde de Vilamarín entre 1946 e 1956 lembraba que "eu tiña un cupo asignado, porque eu solicitaba un cupo pero iles dábanme o que lles parecía. Nunha ocasión asignáronme o cupo que tiña Vilamartín de Valdeorras, que é moito máis grande e era moito máis có que nos correspondía con arreglo ós habitantes que había, pero eu tan pronto o recibín, distribuíno; ós oito días viñeron os de Recursos, pero como eu xa o distribuíra non puideron facer nada; non había fraude ningún: eu repartín o que me deron... Daquelas Abastos asignábache un cupo e tiñas que entregalo, pero decías que non o había e rebaixábancho; despois tiñas que distribuílo e xustificar que o individuo que non o entregara era porque non o tiña. En moitos casos a xente entregou cupos que tiña que comprarlle de estraperlo ós individuos que o tiñan. Eu píxenlle os cupos a estes que podían e a xente que estaba fora, tiñamola figurando como que estaba eiquí para que houbera máis habitantes e entregar menos".

<sup>78</sup> Sancionado pola Fiscalía de Taxas con 30.000 pts. de multa e seis meses nun campo de concentración, pero que seguía nas súas funcións co apoio do Gobernador Civil de Lugo (Cabo Villaverde, 1999: 423 e nota 148).

<sup>79</sup> Cesado e detido, a consecuencia dunha denuncia anónima por estraperlo de sulfato, mentres que o xefe da operación quedou impune. *La Región* (7-VII-1946) recollía que "han sido detenidos para su ingreso en prisión el alcalde de A Peroxa,

A coexistencia das familias políticas do réxime franquista, que xa era conflictiva dabondo, agravouse coa chegada de tecnócratas novos nos anos cincuenta. Estes cuestionaban o labor administrativo dos vellos camisas azuis, só lexitimados profesionalmente pola súa participación na contenda fratricida. Estouparon así as xenreiras que nos permiten rastrexar as estratexias de fraude que desenvolven os propietarios, políticos e funcionarios para evitar a entrega forzosa da produción, conseguir máis alimentos de taxa e desviar parte ó mercado negro nas chairas luguesas (Cardesin, 1992: 216-218, 220 e notas 79 e 801), ou en Alacante (Moreno, 1994: 180 e 182). As elites locais controlaban os resortes do poder, para evitar a entrega das súas colleitas e vendelas no mercado negro: estaban representados na Xunta Municipal para a Distribución de Cupos, que infravaloraba os rendementos agrarios medios do concello e efectuaba a derrama entre os veciños dos cupos de entrega fixados pola Delegación Provincial da C.G.A.T. coas estimacións da superficie cultivada e producións acadadas que realizaban os técnicos das Xefaturas Agronómicas e do S.N.T.; defraudaron sistemáticamente na entrega do cupo forzoso porque dispuñan de excedentes productivos, instalacións para agachalos, medios de transporte e a impunidade política que lle confería ser parte do bando vencedor na guerra (Barciela, 1986:395-396)<sup>81</sup>; e enfrontábanse cos alcaldes que lesionaban os seus intereses.<sup>82</sup>

---

*Adolfo Iglesias Alvarado, pequeno comerciante y Aurelio Fernández Rey, sastre de dicha localidad, por irregularidades cometidas en materia de abastecimientos con el sulfato".*

<sup>80</sup> Pero cometeu o 'erro político' de negarlle alimentos á criada do xeneral Suances que exercía daquela como gobernador militar de Ourense e só se zafou da pena de morte pola intervención dos frades dos Milagres e pagando unha multa millonaria. Juan Dacoba lembrábanos así aqueles feitos: "*Cuando era alcalde, P. estraperlaba la taxa de azucre, aceite y harinas que daba el Estado y él no la repartía a las tiendas. Estuvimos cinco meses sin recibir el racionamiento; preparaba un camión de madera y dentro llevaba los sacos de harina y bidones de aceite para estraperlarlos en Vigo. ¡Y la gente quedaba esperando con la boca abierta!. La criada del general Suances en el pazo de San Damián fue a pedirle un poco de aceite y él se lo negó; entonces ella se lo dijo al general, que los metió en la cárcel y los iba fusilar; se salvaron gracias a los Paúles de los Milagros, porque era una causa gravísima y Suances le tuvo año y pico en la cárcel... Después estuvo de alcalde y encargado de pagar las pensiones J. R. que amenazaba a los viejos con sacarles el subsidio si no le daban sesenta duros bajo mano y se hizo rico con aquello".*

<sup>81</sup> Segundo Benito Santos de Bóveda (Amoeiro): "*O que tiña fruto e capital non o pasou mal; andaba moi escaso o azucre e o aceite que se conseguían mal... Nós non pasamos fame porque inda tiñamos algúns cartos, o cabaceiro cheo e as arcas cheas de fruto... Moitos que non o tiñan andaban de noite buscando quen llo vendera que eu inda carretei ben sacos do Rivas de Martín, porque era maiordomo meu cuñado; il puñalle precio ó fruto e despois meu cuñado vendiao como podía, acarretábamolo de noite ó lombo en sacos, e si il lle puxera cinco pesos, se cadra sacábamollos dez". O concelleiro de Amoeiro, Abelardo G., aclarábanos que "*parte dise centeno que se entregaba de cupo en vez de ir para Ourense quedaba na casa dos caciques e despois xa non daban o cupo. Os P. e o S. fartáronse de levar sacas de fariña para a Caiña e para Vigo; eso si que era estraperlo, pero como eran de dereitas e estaban ben vistos... Daquela eu era alcalde de barrio e veu unha orden da Fiscalía que había que repartir un cupo para entregarllo. Chamáronnos a unha reunión en Orense e eu dixenlles: <<¡Eiquí os únicos que venden fruto son o Otero Pedrayo de Trasalba, o Moreno de Amoeiro, o Miranda de Parada e o Rivas de Bóveda e son os únicos que poden entregalo!. Os outros, entre a facenda e a sementeira, si damos ise cupo que ustedes nos exigen non nos queda para comer; o ano pasado exigíronllo a fulanos que non lles chega para o ano e tiveron que comprar corenta ou cincuenta kilos para entregar; entonces no noso aiuntamiento non sendo ises ricos, non se pode pagar>>. ¡Efectivamente, exigímollos ise cupo a eses ricos que tiñan caseiros e vendían o fruto e catapumba: acabouse... lles arreglaron, non o pagaron e aquilo quedou deserto!"**

<sup>82</sup> En palabras de Ramón Pulido, alcalde de Vilamarín naqueles anos, "*normalmente os alcaldes estaban supeditados a outros que eran máis ricos e timoneaban a cousa baixo man; eu empecei a poñerlle os cupos ós que podían entregalos, que antes vendían de estraperlo, e algún púxose ben a conta deso. Os curas non se lles poñía nada, anque os curas de Vilamarín e Redédegos eran dos que tiñan as cosechas máis grandes do aiuntamiento e vendíanlle o millo e o centeo ós pobres para entregalo a precio de taxa. Entonces eu asignéille tamén 500 kilos ós curas, e non quedou nadie sin il. Pero o cura de Vilamarín era un individuo que tiña moito ascendente, moitas amizades que valían máis ca el, e aquilo parecélle mal porque non estaba habituado. Entonces citou ós fulanos da parroquia que tiñan cupos grandes asignados, mandou vir a un notario e levantaron acta facendo ver que eu distribuíra mal os cupos e mandaron o asunto a Madrid... Daquela estaba de gobernador don Vicente Muñoz Calero, que era un gran amigo meu, e como il fixera aquil acto para sublevarme a xente, foi o gobernador chamóuno a cuentas e píxolle 2.000 pesetas de multa, pero il valéuse de grandes amigos que tamén eran amigos do gobernador e viñéronlle pedir polo cura. Condonóulle a multa pero díxolle: <<¡Mire, en estas cosas del ayuntamiento quien me representa a mí es Ramón Pulido!>>. E a mín díxome que o chamara, que il facía o mesmo co obispo e máis non andaban moi ben...¡A cuestión é que il o cupo pagóuno, e ise cupo non tiñamos que pagalo os outros que era penoso ter que distribuírlo a quen non tiña nada!... Despois eu exixínlle ó gobernador que mandara un inspector de Recursos para mirar a distribución de cupos. Naquela relación había dous individuos que eu os tiña un pouquiño aliviados... Cando o gobernador me chamou porque xa estaba feita a inspección da relación e me preguntou por iles,*

Ese contrabando de alimentos e insumos, imprescindibles para asegurar a subsistencia do grupo doméstico e a viabilidade da explotación ó que vimos de referirnos, coexistía cun tráfico paralelo de produtos con alto valor comercial (wolfram, cobre, café, etc) controlado por redes altamente profesionalizadas de grandes estraperlistas solidamente relacionados co personal político do Réxime<sup>83</sup>. Deuse tamén, un lucrativo mercado negro de combustibles e produtos industriais que ben merece un estudio monográfico pola súa significación monetaria e carácter mercantil. Os testemuños orais indican que participaron neste contrabando de máquinas e combustibles, moitos pioneiros da maquinización do agro e comerciantes ben relacionados cos funcionarios das poboacións raianas que ignoraban con proveito o destino das mercancías<sup>84</sup>. Ou que a venda dos cupos para combustible era unha práctica xeneralizada entre os propietarios de maquinaria agrícola como as malladoras durante a posguerra.<sup>85</sup>

## Conclusiones e propostas de traballo.

A historiografía galega sobre o primeiro franquismo conta coa vantaxe do último, porque dispomos de abundantes traballos para o resto de España e Portugal que nos permiten realizar unha investigación en perspectiva comparada de ámbito local ou provincial. Vimos que a continuidade é a característica que mellor define á dictadura franquista no referente a súa concepción e ó exercicio do poder político, das relacións do Estado coa sociedade ou do

---

dixenlle: <<¡Pues mire, usted me dijo que se debía a sus amigos; yo también tengo algunos y estos son dos de ellos!>> Porque as veces había tamén algún compromiso".

<sup>83</sup> O seguinte fragmento da memoria de vida de Andrés L. A. explica o funcionamento destas redes inseridas no aparello coactivo do Estado, que pasaban camiións cargados e amasaron grandes fortunas nas primeiras décadas da posguerra: "Eu tiña un monte con wolfram e contratei xente para sacalo. Vendíao eu, porque había un magistrado da Audiencia que era deli do lado de Celanova e foi un gran amigo meu, dábase as guías e eu marchaba ás embajadas alemana ou inglesa en Vigo que sempre había el comprador e dáballo ó que me pagase máis... Ó acabar o wolfram veu o contrabando do café e tamén me metín no café porque tiña dous ou tres amigos militares. Íbamos a Portugal e traíannolo á fronteira, a Camiña ou por elí... Viña conmigo un coronel do Tercio e dúas monxas con permiso do Obispo nun daqueles camiións que prestaba o Estado... O Obispo autorizaraas baixo cuerda para que viñeran no camiión porque eu dáballes fariña e todo eso, pero necesitaba levar con garantías o café a vendelo a Madrid, Barcelona ou a donde fora.... Aparte do café, traíamos pedras de mecheros pero eran trapalladas; a mín o que me interesaba era o café en cantidad... Os carabineiros e á Guardia Civil pagáballe eu mellor có Estado para que os meus empregados pasasen co camiión de café de Portugal na fronteira... Eu fun o único que chegou cun camiión de 6.000 kilos de café a Francia por San Sebastián. Despois viñeron determe unhas policías de Madrid, pero todo quedou en nada, porque eu era o jefe da Hermandade de Ribadavia, que era cabeza de partido eu tiña máis categoría cós outros que era concejal á forza". O noso informante era un propietario acomodado sempre disposto a emprender actividades lucrativas que animou as iniciativas cooperativistas de E. Gómez Franqueira que afroitaron na fundación de Coren e das Caixas Rurais de Ourense.

<sup>84</sup> Manuel R. P. e Carlos Valente, de *Maquinaria Agrícola Tomás Valente* que tiña a concesión de Ajuria para Ourense dende 1926, lembraban que "nós eiquí vendíamos con factura todo: vendemos moitas norias para a zona de Verín e vendíamolle a un comerciante caixas de 680 baraxas do nº 18, as do poker inglés; despois íles pasábanas para alá... Estaba todo tasado; había un cupo de gasolina; dábancho e si non traballabas con ela vendíalo, que era o que lle ocorria a estes señores... A fame non era porque non houbera graú, porque no ano da fame o meu abuelo que se dedicaba a cría de cabalos e eguas dáballo o graú cocido ó gando. O ano da fame era máis que non había onde comprar un litro de aceite. ¡Non había porque estaba todo racionado eas cartillas!. Cando foi o ano da fame; nós elí na casa vendíamos vagóns de fariña; entón meu pai no patio onde se gardaban as caballerías fixo un sitio e elí meteu un par de bidóns de aceite desos grandes e unha saca de fariña...Despois collía a fariña e levábaa como podía a aldea; elí tiñamos forno no patio e cocíamos o pan... Vivían mellor aqueles que tiñan nas aldeas... A nós viñannos os bidóns de aceite e despachábamolos cunha máquina en cuartillos polas cartillas, sempre sobraba algún e despois vendíalo como fora".

<sup>85</sup> Germán Figueiredo de Longos (S. Cristovo de Cea) aclarábanos que "había estraperlo de gasolina porque ó que lle sobraba do cupo vendíalla a quen fora... Nós sempre tuvemos cupos de gasolinae meu pai vendía algunha da que lle sobraba do cupo. Daquela andaban detrás dela porque non a había a e comprábanche a que che sobraba do cupo da temporada... Tiñas un cupo de gasolina para a temporada e a que che sobraba, era túa que non che viñan mirar o que mallaras. ¡Coma si non mallaras nada e a vendías toda, non pasaba nada... Era o estraperlo dos que tiñan as máquinas". E Lisardo Fernández de Rouzós (Amoeiro) lembraba que "tiñas que ter declaradas as malladoras e dábanche unhas tickets para a gasolina. Había quen os collía, non mallaba e vendíaos e ganaba oito pesetas en litro... Eu tiña declaradas tres, traballaba con unha e estraperlaba os outros cupos; mellor negocio facíase mallando, pero o que non quería traballar vendía os tickets porque era máis limpa a cousa. ¡Había coches que estaban nunha palleira e tiñanos rexistrados para quitar os cupos que lle asignaran e despois vendían a gasolina".



funcionamento das institucións, purgadas para que aplicasen con lealtade os mecanismos de coacción que se mantiveron ata a morte do xeneral. Diferenciamos un "primeiro franquismo" como concepto historiográfico e como etapa da dictadura, atendendo ós seus ámbitos de actuación que veñen marcados pola imposición do réxime fronte á legalidade republicana, a consolidación unificando ós grupos que apoiaran a rebelión militar, e os cambios nos equipos gubernativos para adaptarse á situación política internacional. No primeiro aspecto xogou un papel importante a conversión de FET de las JONS no partido único do réxime, desmobilizado e convertido nun instrumento político ó servicio de Franco, pero case descoñecemos o funcionamento do franquismo a nivel local e provincial e os mecanismos concretos de imposición neses primeiros anos. É importantísima tamén, a interacción dinámica da sociedade e da economía co réxime a través da política económica e social que este aplicou e que foi xenerando apoios nas clases medias, grandes beneficiados e moitos marxinaos.

Sabemos que a ineficiencia económica e a corrupción política, estandarizadas na administración do primeiro franquismo, foron o caldo de cultivo dun estrato social de beneficiarios do estraperlo que lle gardaron unha elemental fidelidade ó réxime, porque se enriqueceron dun xeito tan rápido como fraudulento aproveitando a impunidade que lle daba a súa imbricación nos aparellos do poder, para estraperlar as colleitas e alimentos racionados facendo negocio coa miseria allea (Barreiro Fernández, 1991: 313-315). As novas autoridades desviaron ó mercado negro unha parte considerable dos cupos de taxa, e permitiron que os sectores hexemónicos utilizasen unha estrutura de prezos artificialmente favorable ó sector agrario para consolidar un proceso de acumulación capitalista, favorecendo a formación acelerada de fortunas persoais dende o incontestable monopolio do poder local, e a socialización, como moralmente lexítima, dunha mentalidade de individualismo especulativo baseado na seguridade do mercado protexido que desincentivou o investimento en inputs modernizadores. A autarquía e o estraperlo desartellaron os mercados, sentenciaron o desfase tecnolóxico dos sectores productivos e lexitimaron as relacións económicas fundamentadas no fraude e na corrupción sistemáticos, instaurando uns contravalores que xa non foron desterrados dos imaxinarios sociais. A situación retroalimentouse durante vinte anos, producindo o definitivo atraso económico e a agudización das desigualdades sociais no Estado español. Pero o estraperlo foi tamén un factor decisivo para a subsistencia das familias labregas, porque neste mercado clandestino interaccionan realidades e situacións moi diversas que agrupamos en catro grandes modelos (Prada e Soutelo, 1998):

- O gran negociante que posúe os recursos económicos e relacionais coas instancias de poder para enriquecerse traficando grandes cantidades dos produtos máis demandados. Este grupo adoita proceder xa das elites locais, pero comprométese decisivamente cun réxime que identifica coa propia supervivencia dada a beneficiosa compensación de intereses.
- Os individuos que perciben o estraperlo como un mecanismo de reprodución social que lles permite facer pequenos negocios e acadar "un pouco menos de miseria" para as súas familias nun medio hostil (Clavera, 1976), pero que se decatan deseguida, de que lles permite un rápido enriquecemento persoal. Si tiñan unha hostilidade primixenia fronte ó réxime vai evoluíndo cara a fórmulas de compromiso apócrifo ou mesmo de aceptación pública do Franquismo.
- Outros recorren ocasionalmente ó mercado negro para garantir a supervivencia do núcleo familiar ou para satisfacer as esixencias impositivas das autoridades en forma de requisas obrigatorias. Unha variante minoritaria deste grupo, sería a de determinados sectores urbanos, frecuentemente mulleres ou homes sen emprego, que gracias á *política do favor* de comerciantes, sempre servilmente agradecida, ou á benevolencia ou incompetencia dos organismos fiscalizadores, trafica con pequenas cantidades de produtos como único medio para completar os ingresos da unidade familiar ó seu cargo. O estraperlo forma parte en ámbolos dous casos,

dunha estratexia de supervivencia económica perfectamente meditada, e aparece como unha elaborada forma de adaptación ó mercado informal pero real imposto pola fame da posguerra.

A cuestión dos apoios sociais ó franquismo conta cun logo debate, pero necesita ser analizada dende unha perspectiva diacrónica, porque ó longo do período autárquico foise tecendo unha complexa rede de intereses que captou o consenso de determinados grupos sociais beneficiados polo mercado negro (burguesía industrial e intermediaria, clases medias...), e neutralizou ós desfavorecidos e potencialmente *desafectos* (pequenos campesiños, xornaleiros e obreiros) cos discursos populistas baseados na 'soberanía do campesiñado' e coas migallas da Seguridade Social dende os anos sesenta (Sevilla Guzmán e González de Molina, 1989). Compre saber máis sobre os comportamentos económicos e sociopolíticos dos propietarios agrarios: a súa resistencia ás inspeccións do SNT e á entrega dos cupos obrigatorios impostos polos organismos que aplicaban o intervencionismo autárquico, e as dimensións reais da presenza da burguesía agraria e industrial nas institucións locais e provinciais, nas xefaturas locais de Falange e no resto das organizacións económicas e sindicais do franquismo (Moreno Fonseret, 1999: 101-102), porque exhibían as veces, un certo desprecio de clase para distinguirse daqueles arribistas con *camisa azul*.<sup>86</sup>

Debemos profundizar, sin prexuízos, na pegada social que acadaron os discursos e as políticas aplicadas polo persoal político local e as 'forzas vivas' que foron quen de manter a fidelidade electoral da cidadanía durante a transición e de integrarse con bastante éxito nas elites locais e provinciais dos novos partidos democráticos. Un xeito de facelo sería artellar un programa de recuperación oral das experiencias vividas polos cargos políticos e sindicais, que deitara moita luz sobre a dinámica interna das institucións franquistas, as actitudes e os comportamentos dos distintos grupos sociais ante os poderes locais que controlaban a vida cotiá e administraban a fame na longa posguerra e mesmo nos permitiría reatopar algunha documentación convencional supostamente perdida nos primeiros meses do Alzamiento ou durante a Transición.<sup>87</sup>

Hai que estudar a interacción entre estruturas productivas e/ou reproductivas dos grupos domésticos e o seu recurso ó contrabando, establecendo perspectivas comparadas dos casos portugués e galego arredor dos seguintes parámetros: a influencia da estrutura da propiedade da terra e a existencia de proletariado agrícola estacionalmente desempregado<sup>88</sup>; a correspondencia entre a dedicación profesional ó contrabando e o tamaño e ciclo reproductivo do grupo doméstico<sup>89</sup>; a relación entre emigración e contrabando como alternativa dos pequenos

<sup>86</sup> D. Ramón de Trasalba denunciaba que "*polo tempo da guerra e había mil tratos raros, cumpridos as escuras, en lusco-fuscos de pendellos e de intencións. As carautas e mentiras facían do mundo, antes tan respeitoso dos tratos e negocios, unha entroidada na que os máis agudos figuraban tizaros*" (Otero Pedraio, 1976: 96). Tamén resulta moi ilustrativa a descrición que fai o seu parente Elias R.M., médico e propietario de varios pazos en Ourense, dun coetáneo que procedía doutra rancia familia de señores da terra: "*Este chico fué una pena: ¡fue un falangista! Fue una pena que de esa casa no saliera alguien que se distinguiera... Su abuelo Pepe había sido el verdadero cacique y su padre Antonio fue también alcalde... Y este ni bachiller se hizo, quiso ser policía y aún le faltaba un ejercicio pero lo pilló el Movimiento y le dieron por bueno el tercer ejercicio... A este lo cogió de asistente mi hermano, el capitán que mataron en la guerra, para que no viera el uniforme*".

<sup>87</sup> A fonte oral revela a pegada desas experiencias na memoria colectiva con elementos semellantes para a España dos anos da autarquía e os "famentos, culpables e derrotados" vieneses da posguerra: os entrevistados explican que a falta de alimentos era o motivo principal para recorrer ó mercado negro, pero ningún admite explicitamente ter pasado fame na súa casa como si fose un estigma social, aínda que logo aparece a fobia a determinados alimentos que lles lembran a fame da posguerra, xa sexan os *guisantes rusos con gorgojos* en Viena ou as *lentellas que parecían piollos* en España.

<sup>88</sup> A concentración da propiedade en latifundios reduce á maioría da poboación ó status de xornaleiro, desempregado durante todo o inverno que é a época na que se multiplicaba o tráfico clandestino de mercadorías, pero descoñecemos por exemplo, si existe unha relación directa entre a presenza dunha capa de xornaleiros sometidos a un forte desemprego estacional e a multiplicación do estraperlo na zona do Ribeiro.

<sup>89</sup> Os casos de dedicación exclusiva ó estraperlo ó longo de todo o ano demostran que participan os membros máis capacitados ou prescindibles da familia movidos en principio pola necesidade e logo polas perspectivas de negocio: son homes con familias numerosas e mulleres viúvas ou abandonadas con fillos ó seu cargo.

contrabandistas para burlar o pago das multas ou para fuxir do modo de vida rural<sup>90</sup>; e a participación feminina no mercado negro, porque as diferencias de xénero ofrecen interesantes posibilidades de estudo sobre a actuación das mulleres como xestoras domésticas da fame nunhas sociedades de posguerra que as discriminaban nas cartillas de racionamento, aínda que desempeñasen o mesmo traballo cos homes, ó tempo que lles encomendaban a misión imposible de atopar alimentos para as súas familias.<sup>91</sup>

De nada valería este catálogo de boas intencións senón suxerimos as fontes a empregar para decruar as prometedoras agras historiográficas que vimos de enumerar. O acceso á documentación ten sido o gran problema para abordar o estudo da sociedade da posguerra, pola perda ou destrución masiva debida á indixencia do aparato estatístico oficial ata os anos sesenta<sup>92</sup>, pero agora podemos acceder por fin, á documentación da posguerra porque xa pasaron os cincuenta anos de prescrición legal para a consulta pública da documentación do decenio dos corenta e moitos arquivos públicos e privados desenvolveron un notable esforzo para recuperar e facer accesible un volume moi considerable de documentación<sup>93</sup>. Debemos localizar e estudar as diversas fontes creadas polas institucións que participaron na represión ou no intervencionismo económico da posguerra, porque os cadros locais e provinciais de Falanxe e o seu Servicio de Información, as delegacións provinciais da CGAT, a Fiscalía de Taxas e a Sección de Estadística e Racionamiento xeneraron moita documentación<sup>94</sup>. E xa se poden consultar os fondos existentes nos arquivos das capitánías xerais e actuais delegacións de Defensa si dispomos das axeitadas

---

<sup>90</sup> A emigración a Europa rematou coa dedicación masiva ó estraperlo, reequilibrando a oferta e a demanda de man de obra e incrementando os salarios rurais dende os anos sesenta (Luz, 1999), pero forneceu tamén unha nova mercancia a pasar na raia: o mozo portugués que saltaba a España para chegar a Francia fuxindo das guerras coloniais de Angola e Mozambique e ficaba enganado e abandonado as veces, no medio de calqueira monte galego.

<sup>91</sup> Os traballos empíricos realizados para Galicia, Portugal ou Viena (Bandhauer, 1999) indican que as mulleres recorreron a actividades complementarias (mendicidade, venta de xoias e obxectos prescindibles, prostitución...), ou ó contrabando de autoconsumo e venta directa á pequena escala para recompor de novo, paseniñamente e á calada, aquel mundo desfeito polos homes. Pero a porcentaxe de vienas inculpadas por merca ilegal de alimentos infrinxindo a Ley de satisfacción de necesidades é sempre menor ca dos homes (26% en 1945/46 e 38% en 1947) e están ausentes do contrabando a gran escala nun momento no que o sistema de racionamento só forneceu un tercio dos alimentos consumidos en Viena nos anos 1945-46, o resto procedía do contrabando de alimentos polas forzas de ocupación, dos introducidos dende Hungría e da compra nas explotacións campesiñas da periferia que agachaban ata un 20% da produción real nas declaracións oficiais da colleita para venderla logo no mercado negro á prezos que eran 264 veces superior ó oficial en agosto de 1945 (Bandhauer, 1999: 123-124 e nota 35).

<sup>92</sup> As críticas reiteradas á fiabilidade do *Censo de Poboación* de 1940, que foi *engordado arbitrariamente* (Reig Tapia, 1984: 29), ou á mala calidade das estatísticas agrarias deses anos de medo e fame polo interés gubernamental en agachar a realidade do estraperlo (Barciela, 1989: 118), ilustran ben a situación deplorable das fontes oficiais. A *Encuesta de Población Activa* que se publica dende 1964, xa ofrece unha serie de datos sobre a realidade do mercado de traballo.

<sup>93</sup> O goberno central e as comunidades autónomas regularon dende os anos oitenta, a conservación e o acceso ó patrimonio histórico documental. Sirvanos como exemplo, a recente disolución das Cámaras Agrarias que conservaban a documentación das Hermandades Sindicais de Labradores e que foi trasladada no caso de Ourense, ó edificio da C. A. de Toén como paso previo ó seu depósito nun futuro arquivo da administración galega. Outros fondos documentais, que ilustran diversos aspectos da sociedade de posguerra e que xa están organizados e ó dispor do público, son os da Organización Sindical Española no Archivo General de la Administración, ou os relativos ás relacións laborais en numerosas empresas que existen na rede de arquivos históricos de CC.OO. en Barcelona, Sevilla, Santiago de C. ou Madrid.

<sup>94</sup> Os informes emitidos polas delegacións provinciais da CGAT son máis ricos cando se refiren ós produtos controlados directamente en tódalas fases, e ata nos ofrecen algúnha memoria anual que permiten elaborar series estatísticas completas como o aceite no caso de Alacante (Moreno, 1999b). Os listados de artigos incautados pola Fiscalía de Taxas e a documentación dos xuízos ós contrabandistas detidos ofrécennos unha riquísima información sobre a procedencia e cuantía dos artigos decomisados que xa se explorou para Ourense (Martínez-Risco, 1999). O celo da Sección de Estadística e Racionamiento para depurar o censo de cartillas de abastecemento provocaba enfrontamentos entre o gobernador provincial e a Fiscalía de Taxas coas acusacións mutuas de pasividade na represión do estraperlo. Os datos existentes para Alacante demostran certa inhibición da Fiscalía de Taxas e que a intensidade na represión do contrabando dependía do Gobernador que remitía constantes informes á Delegación Nacional de Provincias solicitando a desaparición o cando menos, a limitación das competencias da Fiscalía, para converterse el no único responsable provincial da represión do contrabando. Esquecían citar sempre as súas relacións cos grandes estraperlistas, ou que a conceptualización política era a variable determinante que empregaban para fixar o importe da multa, de xeito que as sancións impostas ós desafectos e desprotexidos podían ser ata catro veces superiores (Moreno Fonseret, 1999b).

credenciais relacionais ou de *political correctness*<sup>95</sup>. Tamén podemos comezar o rastrexo da documentación creada polos organismos que executaron o intervencionismo autárquico localizando ós antigos inspectores do SNT a través do SENPA ou os fondos das Hermandades Sindicais/Cámaras Agrarias e demáis institucións asumidas hoxe pola Consellería de Agricultura.

Chegou a hora de abandonar definitivamente, a procura dalgún novo dato que xustifique revisións estáticas das 'causas e culpas' da guerra civil ou do tedioso debate sobre a natureza da ditadura franquista, para concentrar o noso esforzo no estudio das actitudes políticas, formas de sociabilidade e mecanismos de resistencia desenvolvidos durante o Franquismo polos diversos grupos sociais no relativo á elaboración de repertorios de protesta, ós factores de produción de consenso e ó consentimento da poboación no sentido apuntado por F. Cobo (1999: 227-228) e Sevillano Calero (1991/92 e 2000). Aproveitemos a relativa vantaxe de poder seguir os camiños abertos pola historiografía catalana e levantina que son cecais, as que máis esforzo lle dedicaron ó estudio dos *corenta anos de paz*, imposta á sangue e lume por aquela infame rebelión militar-fascista do verán do trinta e seis, que tronzou para sempre a vida de moitos e matou a liberdade dos outros na noite de medo e fame da interminable posguerra.

Amoeiro, xullo do 2000

#### BIBLIOGRAFÍA CITADA

ABELLA, R., 1996, *La vida cotidiana bajo el régimen de Franco*, Planeta, Madrid.

ALBURQUERQUE, F., 1981, *Investigación acerca del marco institucional en el que se configuró el sistema de racionamiento de alimentos a partir de la última guerra civil en España*, tese doutoral defendida na Facultade de CC.EE. da Univ. Complutense, Madrid, inédita.

AFONSO, A.I., 1999, "Construindo imagens de memória. Breves apontamentos do contrabando numa aldeia da raia luso-espanhola", en L. Martínez-Risco e R. Soutelo, eds., *Autarquía e contrabando na sociedade de posguerra*, Fundación Vicente Risco-Sotelo Blanco Eds., no prelo.

ALONSO DEL VAL, I., e ANDRÉS GÓMEZ, V., 1997, "De obrero a productor. Standard Eléctrica. Un ejemplo de paternalismo industrial durante el franquismo", en J. M. Trujillano e J.M. Gago, comps., *Historia y memoria del franquismo 1936-1978. IV Jornadas de Historia y Fuentes Orales*, Ávila, Fundación Cultural Santa Teresa, pp. 503-520.

ANDERSON, M., 1996, *Frontiers - Territory and State Formation in The Modern World*, Cambridge, Polity Press.

APARICIO, M.A., 1980, *El sindicalismo vertical y la formación del estado franquista*, Eunibar, Barcelona.

ARÓSTEGUI, J., 1992, "La historiografía sobre la España de Franco: promesas y debilidades", *Historia Contemporánea*, 7. U.P.V., Bilbao.

---

